

O galego, lingua de moda: algunhas solucións terminolóxicas

Raquel Vila Amado
Instituto da Lingua Galega
rvilaamado@gmail.com

Recibido o 13/04/2013. Aceptado o 16/07/2013

Galician as a language of fashion: some terminological solutions

Resumo

O mundo da moda require dunha actualización continua dos termos lingüísticos, debido á creación de novas pezas de roupa ou calzado ou á aparición de variantes ou evolucións doutras xa existentes. Como en calquera outro sector comercial ou industrial, no téxtil tamén é imprescindible dispoñer dun compendio léxico que nos permita referirnos a cada un dos seus elementos con precisión e sen lugar a confusións ou malentendidos. Neste artigo analizamos unha dúcia de termos procedentes do ámbito da moda, a maioría deles creados a partir de préstamos ou calcos doutras linguas (nomeadamente inglés e castelán). De cada un destes termos analizamos a súa presenza nos dicionarios galegos de maior uso, así como as referencias nos diferentes corpóra do galego. Así mesmo, establecemos unha análise comparativa das solucións desenvolvidas nas linguas do noso contorno (castelán, portugués, catalán, francés e italiano) e estudamos a súa orixe histórica. Finalmente, e a partir da información recollida, para cada un dos termos analizados ofrecemos a solución que nos parece máis acaída, en función da extensión do seu uso, a súa correspondencia con vocábulos propios do galego e as posibilidades de éxito da súa incorporación á lingua, en caso de propostas novidasas.

Palabras chave

Terminoloxía, moda, pezas de roupa, téxtil

Sumario

1. Introducción. 2. Metodoloxía. 3. Termos analizados. 3.1. Calzón: bóxer e slip. 3.2. Cárdigan. 3.3. Culote. 3.4. *Horquilla. 3.5. Léggging. 3.6. Pantalón *pitillo. 3.7. Paxarela. 3.8. Sostén. 3.9. Suadoiro. 3.10. Tennis. 3.11. Top. 3.12. *Xemelgos. 4. Conclusións.

Abstract

The world of fashion requires the constant updating of terminology owing to the creation of new articles of clothing or footwear and the emergence of new variations or developments of existing items. As in any other commercial or industrial sector, it is essential in the textile industry to dispose of a lexicon by means of which to refer to each of its elements with precision, avoiding any kind of confusion or misunderstanding. This article examines a dozen terms used in the fashion industry, most of which have come about from loans or calques from other languages (namely English and Spanish). For each of these terms we look at its presence in the most widely used Galician dictionaries and occurrences in various Galician corpóra. We will also undertake a comparative analysis of solutions developed in neighbouring languages (Spanish, Portuguese, Catalan, French and Italian) and inquire into their historical origin. Finally, on the basis of the information that is brought together we offer for each of the terms considered the solution that seems best fitted, bearing in mind how widespread its use is, its correspondence to existing Galician words and the chances of it taking on in the language in the case of innovative suggestions.

Keywords

Terminology, fashion, articles of clothing, textiles

Contents

1. Introduction. 2. Method. 3. Terms analysed. 3.1. Men's underpants. 3.2. Cardigan. 3.3. Women's underpants. 3.4. Hairpin. 3.5. Leggings. 3.6. Slim-fit pants. 3.7. Bow-tie. 3.8. Bra. 3.9. Sweat-shirt. 3.10. Tennis shoes. 3.11. Top. 3.12. Cuff links. 4. Conclusions.

1. INTRODUCCIÓN

As palabras que conforman o léxico dunha lingua deben responder a todas as necesidades comunicativas dos seus usuarios. Por este motivo, un idioma é unha entidade viva, que xera novos termos (do mesmo xeito que se desprende doutros que xa non lle son útiles) ou que lles confire ós xa existentes novos sentidos ou novas acepcións.

De entre as posibilidades de que dispón unha lingua para incrementar o seu patrimonio léxico, as principais son a creación propia e a incorporación dun vocábulo doutra lingua (préstamo). A medio camiño entre estas dúas (máis preto da incorporación que da creación) está a adaptación dun préstamo á estrutura propia da lingua de destino (calco). Finalmente, atópase a extensión dun concepto xa existente (como o *bonete*, en inicio ‘gorro utilizado polos clérigos’ que pasou tamén a designar o ‘tipo de sombreiro sen aba que cobre a parte posterior, lateral e superior da cabeza enmarcando a cara, e que conta cuns lazos ou cordeis que se anoa debaixo do queixelo’, actualmente asociado ós bebés¹), xeralmente a partir dunha ampliación semántica.

Malia que os diferentes estudos² indican que a creación mediante recursos propios (a derivación morfolóxica, nomeadamente) é o modo máis corrente de achegar novos termos a unha lingua, a realidade mostra que o préstamo/calco é un proceso que se presenta con excesiva frecuencia, sobre todo nos ámbitos tecnolóxico, comunicativo, económico ou deportivo, ademais do que nos ocupa, que son precisamente os de maior riqueza creativa.

O maioritario (e, moitas veces, o cómodo) é coller prestada tal cal unha palabra do idioma propio daqueles que crearon a necesidade de empregala (o inglés, case sempre). Con todo, un mínimo labor de análise permite descubrir que o idioma de recepción (neste caso, o galego) posúe as ferramentas suficientes como para xerar un termo de seu, ou para estender o sentido dun dos seus vocábulos cara a ese novo espazo, “a cuestión radica na vontade de utilizar a lingua nesas ámbitos” (Galanes 2006: 112). Débese partir da base, especialmente en linguas en proceso de normalización terminolóxica –como é o galego–, de que todas as linguas poden denominar calquera novo concepto. Así e todo, haberá ocasións en que será preciso claudicar (neste artigo temos varios exemplos), porque non aparece unha solución propia, ou porque o nivel de penetración do préstamo é tal que fai inviable a súa substitución.

Un dos síntomas da boa saúde dunha lingua é a súa capacidade para darlles resposta ás necesidades expresivas e denominativas que van xurdindo ó longo do tempo. Unha lingua *vital*³ é aquela que é capaz de utilizar os seus recursos internos para a creación de palabras (e de manter dentro dos límites razoables a aceptación dos empréstitos tomados doutras linguas). Outra cousa será que logo esa proposta de noso calle ou non, pero a obriga dos lingüistas é, cando menos, ofrecer unha solución propia⁴. Neste senso, é interesante a análise da implantación terminolóxica, é dicir, o paso dun termo proposto cara a un uso común. Os estudos de implantación serven para medir de que maneira ou en que grao as propostas pasan ó uso efectivo por parte da comunidade para a que estaba destinada.

A terminoloxía, en palabras de Teresa Cabré⁵, “fortalece o corazón das linguas, especialmente daquelas que sofren o embate do inglés”. Neste senso, o campo da moda é un ámbito moi

¹ Acepción extraída de Ambrose (2008: 41).

² Véxanse a este respecto Cabré (1993), Crespo Bastos / Gómez Clemente (2008) e Dubuc (2002).

³ Sobre este concepto de *vitalidade* dunha lingua, pódese consultar Gómez Clemente (2001: 61-62).

⁴ Neste traballo, dedicado unicamente a desenvolver os criterios de formación de novos termos, non analizaremos as estra-
texas de distribución da terminoloxía creada ou proposta.

⁵ Entrevista a Teresa Cabré o 16/09/2010 con motivo do XII Simposio Iberoamericano de Terminología. Pódese consultar en: <http://www.fundeu.es/noticia/maria-teresa-cabre-las-nuevas-terminologias-aparecen-en-la-medida-en-que-crece-el-conocimiento-3035/>.

contaminado de anglicismos, mais tamén temos que fuxir do castelán. Rastrexar os termos que empregan os especialistas neste campo non é produtivo, pois todos precisan unha adaptación.

2. METODOLOXÍA

Os conceptos escollidos para este traballo pertencen ó ámbito do vestiario ou da moda. Comparten entre eles a súa orixe foránea e a inexistencia dun termo asentado propio do galego para definir esa realidade (ou cando menos, non se atopan exemplos consolidados do seu uso nos principais dicionarios de galego ó noso dispor). As obras lexicográficas que manexamos foron as seguintes: *Diccionario de Galego de Ir Indo*, *Gran Diccionario Xerais da Lingua (GDXL)*, *Gran Diccionario Século 21 da Lingua Galega (GDS21)*, *Diccionario Cumio*, *Diccionario electrónico Estraviz*, *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)*. Tamén empregamos os seguintes dicionarios bilingües: *Diccionario Cumio avanzado español/galego, galego/español*, *Gran diccionario Século 21 galego/castelán, castelán/galego*, *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos e Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*. Canto ás obras terminográficas, seguimos a Cabré (1993), Rodríguez Río (2003) e Galanes Santos (2006).

Escollemos este ámbito debido ó desenvolvemento de blogs de moda⁶ que se produciu nos últimos anos, cuxo impacto a nivel social, e mesmo económico⁷, favorece a expansión do sector téxtil e, en consecuencia, o incremento de novos termos, a reconceptualización semántica doutros e, inclusive, a substitución lingüística por vocábulos estranxeiros, de modo que é necesaria unha intervención terminolóxica temperá ou en fase de implantación das novas palabras, pois unha parte substancial dos nomes do noso vestiario provén doutras linguas.

O proceso que seguimos para a análise de cada un dos termos está baseada na proposta que Rodríguez Río presenta na obra *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega* (2003), sobre todo na aliña referida ó traballo terminográfico puntual, cuxas fases presentamos a continuación sinteticamente.

En primeiro lugar realizamos unha *determinación do concepto*, para o que buscamos en dicionarios da lingua da denominación e en córpora especializados (entre outros, o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, *TILG*, e o *Corpus de Referencia do Galego Actual*, *CORGA*), así como en bancos de datos terminográficos (o *Cercaterm* catalán e o *Inter-Active Terminology for Europe*, *IATE*). Tamén tivemos en conta as denominacións doutras linguas (principalmente as do noso contorno lingüístico: portugués, castelán, catalán, francés, italiano), e aplicámolas ó contexto galego. A seguir fixemos unha *busca das denominacións dese concepto na lingua de consulta*, para o cal buscamos información en dicionarios e vocabularios monolingües e multilingües (*Collins Universal*, *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*, *Dicionário Visual Verbo*, *Diec2*, *Houaiss*, *Le nouveau Petit Robert*, *Zingarelli*) e documentación especializada (Formoso Gosende 1998, Bandrés Oto 1998, Ambrose 2008, Stalder 2009) cunha conseguinte aplicación ó contexto galego.

Despois realizamos unha *avaliación da calidade e perspectivas de asentamento do uso das solucións atopadas*, para o cal analizamos o grao de autoridade das solucións atopadas e a súa aplicación ó contexto galego, seguindo criterios intrínsecos (respecto pola autoridade normativa, adaptación ás pautas morfolóxicas, sintácticas, ortográficas e ortofónicas do galego, busca da precisión e dos matices diferenciadores con respecto a conceptos similares, preferencia polos préstamos xa presentes na lingua de destino e polas solucións das linguas veciñas) e pragmáti-

⁶ Exemplos de blogs de moda de ampla difusión consultados son, por exemplo, *1 silla para mi bolso*, *Bartabac*, *Clara Alonso Blog*, *Collage Vintage*, *Lovely Pepa*, *Tras la pista de Paula* e *The Blonde Salad*.

⁷ Neste sentido, cómpre destacar *The Sartorialist*, o blog de culto sobre a moda na rúa (*street style*) do fotógrafo Scott Schuman –un dos 100 personaxes máis influentes no mundo da moda– e que lle reporta máis de un millón de dólares ao ano (Gómez Urzaiz 2012).

cos (grao de uso real e de difusión e antigüidade da fonte orixinal, adecuación do termo ó nivel de lingua no que vai ser usado, preferencia pola concisión e pola relación transparente entre concepto e denominación, e previsión de posibles efectos cacofónicos ou de asociacións connotativas non adecuadas).

Logo vén o *resultado e conclusións da avaliación*, fase na que se procede á recompilación e análise de toda a información localizada de cada un dos conceptos, que se completa coa *avaliación da proposta neolóxica* a partir da valoración das posibilidades ofrecidas pola formación propia ou polas opcións derivadas dun neoloxismo de préstamo (por substitución ou por importación). O último chanzo será sempre a *validación* da nosa proposta neolóxica, fundamentada e contextualizada.

En resumo, o esquema a seguir en cada un dos casos é ofrecer a definición do termo en cuestión, buscar as súas correspondencias noutras linguas do noso contorno, ver as opcións empregadas ata agora no galego (de haber algún precedente no seu uso) e tratar de establecer a solución máis correcta en cada caso, que quizais nalgún sexa o mantemento da forma de orixe.

Escollemos unha ducia de conceptos, a maioría deles presentes na nosa lingua desde hai anos (mesmo décadas, como o caso de *tenis*, *sostén* ou *paxarela*). Eliximos estes termos por trátarse de vocábulos cotiáns de alta difusión que precisan ou ben aprobación ou ben unha solución que teña cabida na nosa lingua. Algúns deles, debido ó seu carácter de estranxeirismo, desbotámoslos, intentando unha substitución a partir dos recursos propios do galego e respectando as súas normas de composición verbal, sempre baixo a referencia do que se fixo noutras linguas da nosa veciñanza. Así pois, pretendemos substituír, na medida do posible, todos os conceptos foráneos innecesarios en galego e buscar ou propoñer a solución terminolóxica máis axeitada.

Intentamos en todo momento propoñer uns conceptos que sexan viables, é dicir, que pola tipoloxía da palabra (transparencia e concreción) e/ou polo uso do termo definan perfectamente o concepto en cuestión e sexan interpretados polos falantes como conceptos de seu. Estableceremos como amplo marco de criterios xerais os seguintes: a corrección/adaptación dos termos ó galego; a existencia de termos previos; a denominación de realidades novas, e o uso/difusión dos termos.

Outra das pretensións deste traballo consiste en dar a coñecer as solucións galegas dalgúns conceptos, é dicir, espallar vocábulos galegos que son coñecidos maioritariamente pola súa forma castelá, como acontece con **horquilla*, **gemelos* e **pajarita*.

3. TERMOS ANALIZADOS

3.1. Calzón: bóxer e slip

Podemos definir o *calzón* ou as *cirolas*⁸ como 'peza de roupa interior masculina que cobre da cintura para abaixo, cada perna por separado, cunha lonxitude variable⁹'. Nas linguas do noso contorno esta realidade (en inglés *underpants*, *men's drawers*, *shorts* ou *pants*) exprésase do seguinte xeito:

es	<i>calzoncillo</i>
ca	<i>calçotets</i>
fr	<i>caleçon</i>
pt	<i>cueca</i>
it	<i>mutande</i>

⁸ Termo probablemente xurdido dunha motivación conceptual-asociativa ou conceptual-metáforica moi transparente: os órganos xenitais masculinos son denominados *cirolas* pola súa forma, o que logo se extrapola tamén para denominar a peza de roupa que serve para tapalos.

⁹ Definición tirada do DRAG.

Con todo, hai diferentes realidades baixo este termo xeral. Isto é, *calzón* (ou a súa variante patrimonial *cirolas*) funciona como hiperónimo, baixo o cal se engloban outros conceptos máis específicos, como 'tipo de calzón, normalmente axustado ó corpo, que cobre unha parte das coxas'¹⁰, ou 'tipo de calzón cinguido e sen perneiras, semellante a unha braga'. Precisamos, pois, dúas denominacións para ambos os conceptos definidos.

Comezamos polo 'tipo de calzón, normalmente axustado ó corpo, que cobre unha parte das coxas'. Vexamos como designan esta realidade as diferentes linguas:

es	<i>bóxer</i>
ca	<i>bòxer(s)</i>
fr	<i>boxer, boxeur(s)</i>
pt	<i>boxer</i>
it	<i>boxer</i>

Para o 'tipo de calzón cinguido e sen perneiras, semellante a unha braga', propoñen os seguintes termos:

es	<i>slip</i>
ca	<i>eslip</i>
fr	<i>slip</i>
pt	<i>slip</i>
it	<i>slip</i>

Como podemos observar, a nivel xeral óptase pola incorporación dos anglicismos *boxer*¹¹ e *slip*. Con todo, nos diferentes dicionarios de galego consultados, ó contrario do que acontece noutras linguas¹², non aparecen estes termos, máis que no *Diccionario Electrónico Estraviz*, no cal encontramos *slip* definido como 'prenda interior masculina, especie de calzón curto', e no *GDXL* e no *GDS21*, onde atopamos a forma *slip* marcada cun asterisco como non recomendada e para a cal aconsellan o emprego do hiperónimo *calzón* por *slip*, algo que non cremos conveniente por se tratar de conceptos diferentes. A pesar disto, cremos que polo seu amplo uso e polo que ocorre noutras linguas sería interesante facer unha distinción entre estes tipos de *calzóns*.

En galego ambos os conceptos aparecen en moitas páxinas de moda asumindo o anglicismo. Nos nosos córpora, no *TILG* aparecen dúas ocorrencias de *bóxer*, mais só co significado de 'raza de can'. O mesmo acontece no *CORGA*, onde ningunha das catro ocorrencias se refire á peza de roupa interior (tres refírense a 'raza de can' e unha a 'sociedade secreta chinesa').

A respecto de *slip*, este documéntase co significado que nos ocupa no *TILG* (nove ocorrencias de nove totais) e tamén no *CORGA* (oito de dez):

TILG: A man do home, segura, desce, érguelle a saia, introdúcese tremendo antre as coxas e o pubis, intenta apartar o *slip*, confíase (*Antón e os inocentes*, Xosé Luís Méndez Ferrín, 1976).

CORGA: Como non tiña na axenda unha cita amorosa, vestira unhos *slips* moi pasados, frouxos, que podían deixalo coas partes á recacha (*Pan e coitelo. Novela moi moral*, Bieito Iglesias, 2008).

¹⁰ Esta definición responde, quizais, ó concepto de calzón tradicional, mais decidimos igualmente propoñer dúas formas específicas.

¹¹ Os *bóxers* son semellantes ós pantalóns tradicionalmente usados no boxeo.

¹² Atopamos *slip* no dicionario portugués *Houaiss*, no francés *Petit-Robert*, no italiano *Zingarelli*, no catalán *Diec2* (adaptado coa forma *eslip*) e na última edición do DRAE (escrito en cursiva). Documentamos *boxer* ou *boxer-shorts* nos dicionarios citados, agás no DRAE.

Atopamos 1 ocorrencia destes termos na *Neoteca – Banco de Datos de Neoloxismos da Universidade de Vigo*:

Para eles, tamén uns interiores moi novos e confortables, porque os bóxers e *slips* de Dim son cada vez máis finos, dinámicos e flexibles (*O Correo Galego*, 27/12/1998).

Despois de observarmos a incorporación dos conceptos *bóxer* e *slip* nas linguas próximas e mais de examinarmos a documentación destes termos nos nosos cónpora, propoñemos designar estes dous hipónimos de *calzón* mediante as formas *bóxer* para o 'tipo de calzón que cobre parte das coxas' e *slip* para o 'tipo de calzón sen perneiras'.

Adaptamos o anglicismo *boxer* á ortografía do galego e grafamos *bóxer*, con acento gráfico e sen cursiva¹³. Neste senso, no *GDXL* e no *Diccionario Cumio* atopamos a forma *bóxer*, adaptada á grafía galega, con dous significados distintos ó téxtil: 'raza de can' e 'membro dunha sociedade secreta chinesa', polo que cremos que se debería considerar unha terceira acepción referida ó concepto tratado.

Slip non o adaptamos (o catalán é a única das linguas vistas que adapta o termo), senón que decidimos adoptalo directamente e en redonda.

3.2. Cárdigan

O *DRAG* define *cárdigan* como 'chaqueta de punto, xeralmente con escote en forma de uve'. Unha definición semellante aparece no diccionario galego *Ir Indo* e no *Cumio*. O *GDS21* define directamente o concepto como 'chaqueta de punto'. A primeira vista, semella un vocábulo totalmente implantado no noso ámbito cotián.

A procedencia do termo remóntase ó século XIX e debe o seu nome a James Thomas Brudenell (1797-1868), sétimo conde de Cárdigan, quen popularizou o seu uso. A denominación desta peza de roupa é equiparable a *rebeca*¹⁴ ('chaqueta feminina de punto, sen colo, abotoada por diante e cuxo primeiro botón está á altura da gorxa'), *pamela*¹⁵ ('tipo de sombreiro de muller, inicialmente de palla, baixo de copa e de aba moi ancha e flexible') ou *bolero* ('tipo de chaqueta moi curta de señora'), pois todos eles pertencen a unha tradición cultural compartida e non a unha translación lingüística, pois foron termos xurdidos do ámbito cultural, polo que son susceptibles de transcender os criterios lingüísticos¹⁶, é dicir, son palabras que se poden adoptar directamente sen necesidade dunha grande adaptación.

Como se pode observar, as linguas do noso ámbito lingüístico optaron pola incorporación deste vocábulo:

es	<i>cárdigan</i>
ca	<i>càrdigan</i>
fr	<i>cardigan</i>
pt	<i>cardigã</i>
it	<i>cardigan</i>

Con todo, ó lado desas denominacións existen sintagmas complexos, máis propios quizais do uso coloquial, como *chaqueta de punto malla* (es), *jaqueta de punt* (ca), *veste tricotée* (fr),

¹³ No texto cómpre a cursiva debido ó carácter metalingüístico do termo, o cal se traslada a outros casos que virán despois.

¹⁴ Vocábulo tomado da película de Alfred Hitchcock de 1940, baseada nunha novela de D. du Maurier, onde a protagonista lucía chaquetas dese tipo.

¹⁵ Termo xurdido da novela *Pamela or Virtue Rewarded* de Samuel Richardson de 1740.

¹⁶ Ó nivel destes termos atopamos tamén *catiúscas* (da opereta *Katiuska* de 1931 do compositor español Pablo Sorozábal, onde a protagonista lucía botas altas), *sabrinhas* (da película de Billy Wilder de 1954, onde Audrey Hepburn lucía ese tipo de zapatos), *pantalón* (de Pantaleón, personaxe da *Commedia dell'Arte* que vestía una peza característica deste tipo), *polo* (peza de roupa empregada neste deporte). Estes vocábulos, agás *polo*, poden considerarse casos de eponimia, pois son substantivos comúns que derivan dun nome propio.

casaco de malha (pt) ou *maglioncino, maglietta con i bottoni* (it). A primeira vista semella existir un mesmo concepto con dúas posibilidades designativas. Vexamos o que acontece na nosa lingua. Consultando o *TILG*, atopamos un só exemplo de *cárdigan*; con todo, o seu tratamento con comiñas indica que o propio autor considera estar perante un termo alleo, igual que *sueters* ou *pullovers*:

"Sueters", xerseis, "pullovers", "cárdigans", chalecos e artigos similares (*Nomenclatura do Arancel Integrado Comunitario*, Instituto Galego de Estatística, 1990).

Fronte ó anterior, no mesmo corpus atopamos moitas ocorrencias de *chaqueta*¹⁷, pero concretamente seis documentos (o primeiro de 1972 e o último de 1996) onde se acha *chaqueta de punto*, os cales ofrecen un contexto e un significado semellante e intercambiable co anteriormente citado *cárdigan*, que nos levan a pensar no concepto de 'chaqueta de punto fino con escote en forma de punto'. O mesmo acontece no *CORGA*, onde aparecen sete documentos (entre 1983 e 2006) nos que aparece *chaqueta de punto* (catro deles coincidentes co *TILG*), fronte a, neste caso, ningún de *cárdigan*. Os autores utilizan este termo co mesmo significado que queren transmitir no significante *chaqueta de punto*, cando poderían empregar simplemente *chaqueta* se se estivesen a referir a un termo xeral sen características específicas, o que nos indica que a citada frase nominal funciona como unha expresión fixada na lingua. Neste senso, *chaqueta de punto* é equiparable a *chaqueta americana* (aínda que neste composto o primeiro elemento está practicamente perdido) e diferente a, por exemplo, *chaqueta de la*. Ilustramos a nosa explicación mediante algúns exemplos dos córpora mencionados:

TILG: e unha *chaqueta de punto* moi longa (*Follas de vagar. Xornal*, Eduardo Moreiras, 1972).

CORGA: desabotoou a *chaqueta de punto* de pura la virxe, que eu lle calcetara (*Culpable de asasinato*, Úrsula Heinze, 1993).

TILG e *CORGA*: combinada coa *chaqueta azul de punto* que trouxera de Londres (*Deus sentado no sillón azul*, Carlos Casares, 1996).

Polo que puidemos observar, *cárdigan* presenta unha ampla presenza na norma actual (rexístrase na meirande parte das obras lexicográficas vixentes, mais non así nas antigas, pois non atopamos ningunha ocorrencia no *Diccionario de Diccionarios (DdD)*), aínda que esta presenza non se reflicte no uso.

O vocábulo tratado presenta un referente un tanto difuso á hora de validar o termo. Con todo, a tradición que amosa no noso vocabulario é insignificante, todo o contrario ó que acontece nos blogs e nas webs de moda, tanto en galego, como en castelán ou en portugués. Ó noso modo de ver, o termo *cárdigan* espallouse debido á vertente 'pseudomoderna' que lle outorga o anglicismo, ó igual que acontece con *trench*¹⁸, sen que teña nada que ver o antedito conde. Desde o noso punto de vista, *cárdigan* precisa unha observación ó lado da acepción nos diferentes dicionarios para xustificar a súa presenza neles, é dicir, sería necesario indicar a procedencia do epónimo¹⁹.

¹⁷ O propio termo *chaqueta* (< fr *jaquette*) tamén constitúe un exemplo de préstamo adaptado gráfica e foneticamente á nosa lingua.

¹⁸ O termo *trench* provén de *trench coat* ('abrigo de trincheira').

¹⁹ Isto só acontece no *GDS21*, no que aparece unha nota despois da entrada do termo: 'do conde de *Cardigan*, militar inglés'.

Neste caso, a pesar do éxito que parece ter a palabra, cremos conveniente non optar pola forma *cárdigan*, senón polo termo *chaqueta de punto*, pois consideramos que o termo inglés presenta unha serie de desvantaxes.

Por unha banda, aceptar a entrada *cárdigan* sen o previo coñecemento da súa motivación sería unha autoestrada sen peaxe na que entrarían moitos neoloxismos innecesarios, como por exemplo *blazer* ou, se preferimos, *bléiser* (segundo o portugués *blêizer*) para designar a 'chaqueta de tea ou pano, con lapelas e botóns, que chega por debaixo da cadeira', comunmente coñecida como *americana*. O éxito de *cárdigan* radica en que as novas xeracións de falantes relacionan o termo inglés con algo máis moderno²⁰. Por extensión, todo o que soa a inglés é moderno (*clutch* por *bolso de man*, *short* por *pantalón curto*, *trench* por *gabardina*, *flip-flop* por *chancletas* etc.).

Por outra banda, *cárdigan* é un termo alleo para moitos falantes, pois o seu uso non está estendido entre toda a poboación, senón que semella máis ben unha cuestión xeracional e de mercadotecnia.

Ademais, o termo inglés *cárdigan* non designa un concepto tan concreto e detallado da realidade como para ser mantido, é dicir, non designa un concepto especializado como semella a primeira vista, pois o termo *chaqueta de punto* implica os trazos de *cárdigan*, que serían o colo en pico e as mangas longas.

Decidimos, por tanto, desbotar este anglicismo por non ter tradición de uso na nosa lingua (ó contrario que acontece con *catiúscas*, por exemplo) e por considerarmos que no noso léxico tradicional dispoñemos dun concepto máis axeitado para designar a realidade citada: *chaqueta de punto*.

3.3. Culote

O *culote* denomina a peza de roupa interior feminina que a modo de pantalón curto, elástico e cinguido cobre a parte superior da coxa, ó xeito dos empregados polos ciclistas (que adoita ser máis longo e chega practicamente ós xeonllos). A súa orixe é inequivocamente francesa (*culotte*), onde actualmente este termo serve para denominar un amplo abano de pezas co denominador común de referirse a aquelas que cobren a parte superior da perna: braga, calzón²¹, pantalón curto...

Todos os idiomas do noso contorno incorporaron o termo francés, ben directamente (como no caso do italiano), ben mediante a adaptación á grafía propia (como o *culote* castelán ou o *culot* catalán).

A seguir pode comprobarse a homoxeneidade das solucións:

es	<i>culote</i>
ca	<i>culot</i>
fr	<i>culotte</i>
pt	<i>culote</i> ²² , <i>shorties</i> , <i>cuequinhas altas</i> , <i>boxers</i>
it	<i>culotte</i>

A lexicografía galega apenas recolle este termo, o único dicionario que o recolle é o *GDXL*, baixo a entrada *culote* e cunha ambigua definición: 'pantalón elástico e cinguido de perneira

²⁰ Italia e Francia foron modelos de país nos séculos XVI e XVIII respectivamente, épocas nas que xurdiron moitos italianismos e moitos galicismos. Actualmente sono os países de fala inglesa, o que inflúe á hora de (non) adaptar os termos.

²¹ Cómpre lembrar neste punto os *sans-culottes* da Revolución Francesa (literalmente, 'sen calzóns', en contraposición ás clases acomodadas, que si empregaban esta peza, símbolo de nobreza e distinción).

²² O *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* define *culote* como 'pantalón para andar a cabalo, anchas por riba e estreitas por abaixo' e como 'pantalón para uso feminino con formato parecido a unha saia e longo ata os pés'. Con todo, nalgúns páxinas de moda atopamos este termo empregado co sentido de 'braga con perneira' (http://www.blanco.com/webapp/wcs/stores/servlet/Category3_10151_12551_67028_-6_Y_image_0_____B [consulta: 09/04/2013]), aínda que tamén atopamos noutras páxinas formas como *shorties*, *cuequinhas altas* ou *boxers* (<http://www.oysho.com/webapp/wcs/stores/servlet/category/oysshop/pt/oysho/531008/Cuecas> [consulta: 09/04/2013]).

curta que soamente cobre unha parte da coxa, que tanto pode servir para o tipo de braga como para a peza propia dos ciclistas ou calquera outra similar.

No entanto, no *DdD* aparecen dúas ocorrencias: unha de Constantino García de 1985 (*culote* 'braga de felpa') e outra de Elixio Rivas de 2001 (*culotes* 'especie de calzón usado por mujeres mayores').

O mesmo acontece no *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués (TLPGP)*²³, onde se rexistra *culote* 'braga de felpa' na Pobra de Burón (A Fonsagrada). Con todo, nos vocabularios anteriores (*DdD* e *TLPGP*) non se infire exactamente o significado que ten actualmente *culote*.

As compilacións como *Termosteca* (UVigo) ou *Buscatermos* (USC) non recollen o termo (nin como *culote* nin como *culotte*), e tampouco a literatura ou outros usos escritos da lingua son xenerosos en exemplos. O *TILG* non rexistra ningún caso, mentres que o *CORGA* si, en catro obras distintas e sempre baixo a forma *culotte*. Son as seguintes:

Equipo persoal: casco homologado, gafas, luvas, "*culotte*", "maillot", calzado, impermeable, mochila, etc. (*Diario Oficial de Galicia*, 06/04/2000).

Nesta ocasión voltaron en dez minutos, ela cun *culotte* coma o dos ciclistas e unha camiseta axustada, descalza, el cun albornoz e unhas chanclas [...] a camiseta e o *culotte* marcábanlle ben o tipo (*Na maleta*, Xurxo Borrazás, 2000).

que esas bragas *culotte* que se levaban daquela seica eran moito máis cómodas cós calzóns dos homes [...] pensou ela no acerto e no atractivo de Cary Grant en *culotte* [...] preguntoulle se sería verdade que Carmen Sálvora coñeceu a Cary Grant, é máis, se o coñeceu tanto como para saber a ciencia certa (e non coma elucubración de prensa rosa) que usaba bragas tipo *culotte* mercadas en underwear for women de Rodeo Drive (*Concubinas*, Inma López Silva, 2002).

{Lourdes} Son "*culottes*".{Maruxa} "*Culós*"? {Lourdes} Non, non "*culós*", "*culottes*", pechando o u: "*culottes*", "*culottes*" (*Teatro imprevisto. As Damas de Ferrol*, Eduardo Alonso, 2006).

Como se pode comprobar, a práctica totalidade das ocorrencias de *culotte* aparecen marcadas, xa sexa polo emprego de comiñas ou mediante o uso de cursiva, o que indica a consciencia dos autores de estar utilizando un termo de procedencia foránea. Tamén destaca nesta reducida listaxe de contextos o uso indistinto de *culotte* como peza de roupa interior (masculina ou feminina) ou elemento para a práctica do deporte. Como peza de roupa interior feminina cómpre aclarar que non é válido como sinónimo de braga, senón como un hipónimo cos trazos referidos (axustada, que recolle as nádegas por completo e que presenta unha mínima perneira).

O termo *culote* rexístrase nos nosos córpora (mesmo aparece en vocabularios reais non literarios como o *DdD* e o *TLPGP*) e está presente de xeito homoxéneo nas linguas próximas a nós, polo que consideramos que debe pasar a formar parte do lexicón do galego, preferentemente baixo a súa variante adaptada á nosa grafía (*culote*), o que evita o estrañamento do lector ante o *-tt-* foráneo. O contexto en que aparece aclarará sen ambigüidades se nos referimos á peza de roupa interior ou ó pantalón ciclista.

3.4. *Horquilla

A denominación do concepto expresado en castelán por **horquilla* presenta unha serie de dificultades designativas na nosa lingua. Como é máis axeitado denominar este concepto: *gancho*,

²³ Trátase dun banco de datos que contén materiais lexicográficos procedentes de distintas fontes (córpora obtidos en traballos de campo, materiais dispersos en obras dialectais, vocabularios de falas etc.), cuxo obxectivo é facelos accesibles de xeito sinxelo mediante consulta libre a través de internet.

pasador, pinza, prendedor? En galego todo se coñece por *pinza*, mais é preciso diferenciar conceptos. *Prendedor* é máis ben un broche e *pasador* é un termo que se emprega máis quizais no ámbito téxtil. Outra opción posible é *gancho*, que aparece nalgunha obra lexicográfica con este sentido como a continuación veremos.

En primeiro lugar imos dar unha definición do concepto que tentamos expresar: 'obxecto metálico ou plástico con forma de U empregado para suxeitar os cabelos'. Calquera dos termos nomeados anteriormente valerían, a primeira vista, para designar a devandita realidade. Con todo, entre eles hai diferenzas significativas que cómpre ter en conta.

Para o concepto que acabamos de definir atopamos en dicionarios bilingües de español-galego *horquilla* (es) e *gancho* (gl) ou *pinza* (gl) no *Diccionario Xerais Castelán-Galego de Usos, Frases e Sinónimos* 2007 e no *Diccionario Xerais Castelán-Galego de usos, Frases e Sinónimos* 1990. No *Gran Diccionario Século 21 galego/castelán castelán/galego* aparece para *horquilla* (es) o equivalente *pinza (do pelo)* (gl). O *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega* propón o termo *prendedor*. No *Buscatermos* da USC ofrécesenos *pinza* como 'instrumento, a modo de tenaces, usado para suxeitar cousas pequenas, especialmente os peiteados' como equivalencia do español *horquilla*, co sinónimo de *gancho*²⁴.

Para a combinación español-portugués temos *horquilla* (es) e *gancho* (pt) ou *grampo* (pt) no *Diccionario Bilingüe de Uso, Español-Portugués / Portugués-Español* 2003.

Deseguido veremos as solucións que presentan outras linguas para este concepto. Ademais, cómpre ter en conta a diferenza entre o 'obxecto metálico ou plástico con forma de U empregado para suxeitar os cabelos' e o 'obxecto metálico ou plástico con forma de U empregado para suxeitar o moño'.

es	<i>horquilla / horquilla de moño</i>
ca	<i>agulla de ganxo / agulla de monyo</i>
fr	<i>pince à cheveux / épingle à cheveux</i>
pt	<i>grampo, gancho de mola / gancho</i>
it	<i>molletta / forcina</i>

Como observamos, nas linguas consultadas diferéncianse dúas realidades²⁵, polo que nós deberemos facer o mesmo.

No *TILG* baixo o lema *forquilla (pelo)* aparece a forma **horquilla* en catro ocasións, a cal desbotamos pola súa clara orixe castelá.

Xeralmente utilízase *pinza* para se referir ó concepto anteriormente definido, mais este vocábulo designa unha realidade diferente: 'instrumento formado por dúas pezas unidas entre si, que se emprega para suxeitar algo'. Deseguido imos ver algúns exemplos extraídos do *TILG* do uso de *pinza* como 'obxecto metálico ou plástico con forma de U empregado para suxeitar o cabelo'. Con todo, é maior o número de exemplos atopado de *pinza* como significado xeral (161 vs. 4).

que el force o pequeno candado do diario de Mo cunha *pinza* do cabelo (*Porta Blindada*, Margarita Ledo Andión, 1990).

alisou un pouco o cabelo diante do espello, meteulle unhas *pinzas* para recollelo (*Salseiros*, Francisco Calo Lourido, 2001).

²⁴ Fontes: *Léxico de arqueoloxía*. Santiago de Compostela, Universidade, 1996 e *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña, RAG, 2002.

²⁵ O mesmo acontece en inglés *hair grip / hairpin* e en alemán *Haarklemme / Lockennade*.

No *CORGA*, como no caso anterior, a maioría das ocorrencias non se refiren ó obxecto para o cabelo, senón que ten un significado xeral. Así, de 154 exemplos baixo a forma *pinza*, só se refiren a obxectos para o cabelo os exemplos que presentamos:

riu, recolocando as *pinzas* do moño (*Contos da Baiuca*, Bieito Iglesias, 2006).

co seu cabelo louro ceibado da *pinza* que ocultaba a súa sensualidade (*O violinista de Malá Strana*, Xerardo Agrafoxo, 2008).

Quería ter o pelo lacio e facía de todo por estirar o seu cabelo crecho. Non era a primeira vez que, de mañá, medio dormido, aparecía no Banco cunha *pinza* esquecida no pelo (*A semellanza*, María Xosé Queizán, 1992).

inclúe un cepillo redondo, un cepillo semicircular, un peite, dúas *pinzas* e un neceser (*Consumer Eroski*, R. Oleaga e Iker Merchán, 2005).

Como podemos observar, o termo *pinza* empregado co significado do castelán **horquilla* ten un uso moi residual nos nosos córpora. Iso, sumado á ambigüidade en que pode recaer o termo debido ó outro significado que presenta no mesmo ámbito, fai que este vocábulo non sexa un candidato adecuado.

O termo *pasador*, pola súa banda, defínese como 'agulla ou pinza que se utiliza para suxeitar ou adornar o cabelo' nunha das súas acepcións do dicionario da *RAG*, a cal serviría para designar o concepto ó que estamos tentando buscar un significante, aínda que tamén valería para *prendedor*. Con todo, a definición de 'obxectos de materiais diversos (*agulla* ou *pinza*, segundo o *DRAG*) co que se suxeitan e adornan os cabelos' é máis xeral que a de 'obxecto con forma de U que se utiliza para recoller o cabelo'. O significado de *pasador* ou *prendedor* podería abranguer o de **horquilla*, mais o significado deste termo é quizais máis específico, mentres que os anteriores poderían ser calquera tipo de broches ou adornos do pelo.

Con estes termos detectamos o mesmo problema que no caso de *pinza*: son vocábulos de significado xeral que adoptan moitos usos. Logo dunha peneira para seleccionar aqueles que presentan o significado de 'complementos para o cabelo', podemos afirmar que os casos atopados son insignificantes (e máis insignificantes aínda os que recollen o uso de **horquilla*). Comezamos polo *TILG*, no que atopamos 45 ocorrencias de *pasador* e 20 de *prendedor*, das cales só un exemplo de *pasador* e cinco de *prendedor* se corresponden coa nosa busca:

Peites, peinetas, *pasadores* e artigos similares (*Nomenclatura do Arancel Integrado Comunitario*, Instituto Galego de Estatística, 1990).

tanto de persoas coma de animais (en particular para cabalos): entre aqueles hai que mencionar, amais de todo o xa citado, o uso de alfinetes ou *prendedores* do pelo, os acus crinales (*A Romanización de Galicia*, Felipe Arias Vilas, 1992).

No cucote, un *prendedor* de coiro trezado recollía parte do seu cabelo, aquel que proviña dos parietais (*Os ollos da sentinela*, Xesús Manuel Valcárcel, 1997).

recollera o pelo con dous *prendedores* e pintara a cara (*O caderno*, Xabier López López, 2001).

Algo semellante acontece no *CORGA*, onde atopamos 40 exemplos de *pasador* e 17 de *prendedor*, dos cales se adecúan ó noso uso un de *pasador* e sete de *prendedor*:

quedou mirándolle o pelo, comezou a acariñarlló e a xogar con el entre os dedos despois de soltarlle o *pasador* que llo suxeitaba na caluga (*Concubinas*, Inma López Silva, 2002).

Suxeita os rizos indómitos da melena cun *prendedor* de pequenos capullos rosados (*A semellanza*, María Xosé Queizán, 1992).

e unha goma para o pelo, e un estoxo con pluma e lapis, e un bombón, e tres *prendedores*, e unha agulla de poñer na lapela (*Herba moura*, Teresa Moure, 2007).

No *Corpus Paralelo CLUVI*, na sección do *Corpus literario TECTRA* inglés-galego, atopamos tres ocorrencias (dúas de *prendedor* e unha de *pasador*), as cales corresponden a unha mesma obra: *O espertar*, de K. Chopin (1999). Trátase, polo tanto, dunha soa ocorrencia con dúas formas de uso (non sabemos se con diferenza entre elas ou non):

collendo un *prendedor* do seu cabelo, asegurou as deslucidas flores artificiais [...] esplendorosa e aparente: a madeixa de pelo dourado que nin peites nin *prendedores* lograban conter [...] Estaba tentando axusta-lo ramallete de violetas que afrouxara do *pasador* que tiña no pelo.

Como podemos observar, non hai demasiadas ocorrencias destes termos referidos á realidade que pretendemos designar. Ademais, poderían entrar en conflito con outros conceptos do mesmo ámbito.

O termo *gancho*, a última alternativa que presentamos para este concepto, pode definirse como 'instrumento de metal ou madeira, rematado en curva por un ou polos dous extremos, que serve para colgar ou coller algo' (segundo o *DRAG*) ou como 'peza de metal ou dunha materia dura, de forma curvada que acaba en punta e que serve para coller cousas ou para agarrar algo' (*Diccionario Cumio*), definicións que casan perfectamente coa de 'obxecto metálico ou plástico con forma de U empregado para suxeitar os cabelos'.

O *GDXLG*, pola súa banda, define *gancho* como 'instrumento curvo e aguzado que se emprega para pendurar ou agarrar cousas'. Con todo, neste dicionario ó final da entrada atopamos a locución substantiva *gancho do cabelo* 'pasador para amarrar o pelo'. A presenza do vocábulo neste dicionario avala a proposta presentada.

No entanto, analizando os diferentes córpora galegos ós que temos acceso, observamos que este termo tampouco ten unha gran difusión; de feito só atopamos dous exemplos de uso no *TILG*:

Peites, peinetas, pasadores e artigos similares; *ganchos* do cabelo; rizadores, rolos e artigos similares para o peiteado (*Nomenclatura do Arancel Integrado Comunitario*, Instituto Galego de Estatística, 1990).

Levanto atestados e falsas testemuñas máis papel -formalidades- sinaturas e os *ganchos* do pelo (*Flor de tan mal xardín*, Isolda Santiago, 1994).

Vistas as posibles propostas e os seus exemplos de uso, procedemos a avalialas e dar unha definitiva.

Pinza? Este termo non é axeitado por dúas razóns importantes. Por unha banda, a definición de *pinza* implica unha serie de trazos que non están presentes no concepto que tentamos designar. Ademais, este vocábulo emprégase xa no ámbito capilar, polo que se daría unha confusión ou ambigüidade de termos.

Pasador ou prendedor? É un vocábulo de uso xeral que se adecúa á nosa definición. Con todo, o problema deste radica no significado que xa ten no mesmo ámbito. Ademais, como xa dixemos, preferimos utilizar *pasador* no ámbito téxtil.

Gancho? Este concepto, a pesar de ser de uso xeral e non atoparmos demasiados usos nos cónpora, adáptase perfectamente á definición deste accesorio capilar e concorda coas restantes linguas próximas, especialmente co portugués. Ademais, non entra en conflito nin ambigüidade con outros vocábulos do mesmo campo. Este é tamén o termo proposto polo TERMIGAL. Con todo, non desbotamos *pinza* e *pasador* (simplemente mantémolas como variantes non-preferentes), xa que contan cunha certa tradición lexicográfica en galego e con difusión entre os falantes.

Dada a solución que tomamos de *gancho*, procedemos a propoñer *gancho de moño* para designar o tipo de gancho que se emprega para recoller o cabelo nun moño, a cal resulta unha solución moi transparente e harmónica coas linguas próximas.

3.5. Léggings

A respecto do tan estendido termo inglés *legging* (usado xeralmente en plural) para nos referir á 'especie de pantalón moi elástico de tecido de punto moi fino que se cingue moito ás pernas', en principio cabería a posibilidade de substituílo por 'mallas'. Consideramos que o anglicismo, que pretende dar un aspecto innovador, adquiriu protagonismo fronte ós termos autóctonos, mais designan o mesmo ambos os conceptos?

Mallas e leggings aparecen como sinónimos nalgúns dicionarios (Bandrés Oto 1998, *Collins Universal* 2006) e, de feito, non é sinxelo diferencialos. No *Collins Universal* distinguen *leggings* e *tights* ('mallas') sinalando que os primeiros non cobren o pé. Cómpre destacar que o anglicismo *legging* non aparece como entrada en ningún dicionario de galego.

Nós consideramos que realmente non hai diferenza ningunha entre ambos os conceptos, senón que o concepto subxectivo creado polos falantes é unha actualización dun produto preexistente creada polas empresas téxtiles para abranguer máis mercado, é dicir, reactualizouse unha realidade (*mallas*) para darlle unha nova vertente máis moderna e innovadora e converterse así nunha realidade nova (*leggings*) que en realidade non o é tanto.

A diferenza radica basicamente no uso: *mallas* asociadas ó mundo do deporte (dado que é o seu uso tradicional) e *leggings* asociados á roupa da rúa (reconceptualización do termo debido ó cambio de hábitos que supuxo a moda), o que fai que ambos os conceptos non porten o mesmo significado, polo que é importante diferenciar conceptos (sobre todo polas repercusións que isto supón no mundo empresarial). En palabras de Rodríguez Río na *Precisión Léxica* 125: "Se nun contorno profesional se distinguen dous conceptos non se debe recomendar para eles o mesmo nome, xa que iso dificultaría a súa identificación e faría que os profesionais rexeitasen o emprego das formas propostas". Por isto, parécenos inviable introducir o termo *mallas* na comunicación comercial, pois impediría distinguir produtos diferenciados (ademais de resultar 'estraño' que en tendas de moda non-deportiva vendan ese tipo de pezas), polo que debemos buscar unha alternativa.

Nos termos tratados xa atopamos algún caso de anglicismos, mais ningún deles tivo tanto éxito nin se xeneralizou tan rapidamente como o que nos ocupa, na nosa lingua e nas do noso contorno:

es	<i>leggings / mallas</i>
ca	<i>leggings / malles</i>
fr	<i>leggings / caleçons (moulants)</i>
pt	<i>leggings / malhas</i>
it	<i>leggings / pantacollant</i>

Como vemos, todas as linguas incorporaron este estranxeirismo para a designación que ten a peza de roupa nesta nova vertente.

Deseguido imos consultar os diferentes córpora da nosa lingua. Empezamos polo *TILG*, onde atopamos 18 ocorrencias²⁶ de *leggings* baixo diferentes variantes, mentres que no *CORGA* atopamos un só exemplo (que tamén aparece no *TILG* e é o terceiro desta listaxe):

Entra pola porta. Home de meia idade con *leghis* e sombreiro de palla (*A Lagarada*, Ramón Otero Pedrayo, 1928).

¿E as que poñían pra poñer na perna desd' o zapato? {P}—Eso son botas altas, i hai tamén polainas, eses *leghes* que se pon, por ajemplo, unha bota ou unha zoca, e colocans' unhos *leghes* que van cunhas hebillas por os laos; —Ou sea que as correñas dos lados son os *leghes*; {P} —Eso é, eso que leva, porqu' hai botas que levan elas xa e son botas igual, pero hai botas que son desd' eiquí p' arriba, i abrochans' eiquí por o lao (*A fala da parroquia de Seteventos* (memoria de licenciatura), Helena Sánchez Rodríguez, 1983).

O Caballero de Santiago deslucía co seu uniforme caqui e os *leggings* apreixándolle o pescozo da perna grosa (*Arraianos*, Xosé Luís Méndez Ferrín, 1991).

LEGUE: Esp. de polaina que levan algunhas máscaras de entroido (*Trazos sobre a vestimenta tradicional no surleste de Ourense*, José Rodríguez Cruz, 2004).

coas pernas apertadas en *leguis* de cobertor [...] O capitán de Infantería, con *leguis*, correaxe marrón [...] Trémennlle un algo as mans dentro das luvas marróns e os *leguis* parecen soste, con outra materia máis solidificada, as masas esferoides do seu tipo (*Antón e os inocentes* (2.ª ed.), Xosé Luís Méndez Ferrín, 1986).

Entramos polo eixido, o criado de Xixín e mais eu, facendo soar cada un súa espora, que levabamos firme, atado contra o *leggin* e a bota [...] escomezou a pórsese *leguis* ben suxeitos no pescozo da perna, e zapatón ferrado (*Arraianos*, Xosé Luís Méndez Ferrín, 1991).

Polainas: cubrición da pernas, eran de coiro (tamén as hai de palla), a súa variante máis exquisita é o *legüi* [...] O galápago era o xusto; pero semellaba escaso e así o seu señor lucía a perna alta e abaixo os *legüis* e as esporas [...] Os cabaleiros xa non gastan *legüis* para vir de lonxe a mocear [...] Os anos vinte e trinta deste século; cos señoritos que viñan para os mesteres da súa profesión. -Viñan de lonxe e encargábannos uns *legüis*. Nas romarías de inverno, nas citas de amor, nos lugares distintos. Os señoritos usaban os *legüis*, feitos á medida, axustadiños á perna. Daban prestixio á imaxe de cadaquén e eran marca de boa renda. Como cartos non faltaban nos pazos, os seus moradores non tiñan reparos en viren de lonxe para facerse cos deseños máis exquisitos, cos mellores remates, coa imprescindible distinción [...] *Legüis*: variante de polainas, de coiro, moi estilizadas e de deseño, eran ornato diferenciador, que o cabaleiro coidaba (*Os vellos oficios*, Xosé Vázquez Pintor, 1996).

²⁶ Atopamos 6 ocorrencias baixo o lema *legging* e 13 baixo *leggings*, as cales decidimos tratar xuntas por considerármolo un erro de lematización.

Os exemplos achegan unha importante información sociolóxica, ademais de lingüística, pois a diverxencia de solucións gráficas reflicte unha forma pouco asentada (mesmo atopamos diferenzas dentro do mesmo autor). Semella que a importación da forma *legging* non é tan moderna como parece. Con todo, a realidade que designan os exemplos non se refire ó mesmo concepto que temos hoxe, mais parte desa base. A creación de novos significados a partir doutros xa existentes non é arbitraria, senón que ten que ter algunhas bases estables. Con todo, o significado actual de *leggings* non procede do antigo significado *legues* galego 'polaina', senón que os *leggings* actuais veñen directamente do inglés (que tamén significou 'polainas'). Neste sentido cabe destacar que no *DRAE* está aceptada a forma *legui* co valor de 'polaina'.

No *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* rexístrase a forma *legues* no Valadouro como unha 'especie de polainas hasta las rodillas cerradas por todas partes'. Constantino García [1985] tamén recolle *legues* como 'especie de polainas' no *DdD*.

No *TILG* e no *CORGA*, os exemplos rexistrados baixo *malla* non son demasiados (de 325 baixo a lematización *malla* <fr. *maille* no *TILG* e 525 no *CORGA*, só son válidos para a peza de roupa os que presentamos a seguir) e non teñen todos eles o sentido que buscamos, senón que tamén aparece como unha peza enteira. Xeralmente, a *malla* cobre o tronco e os demais membros, mentres que as *mallas* cobren as pernas e a cintura²⁷.

Prendas; ligueiros, medias de costura, *mallas*, braguñas de organdí breves (*Carne de can*, Isidro Novo (Isy New), 1997).

Ouseraron que a xente que se bañaba no mar e tomaba baños de sol na praia, transitaba polas rúas, coa *malla* de baño, ou lixeiramente cubertas con un albornoz (*Da emigración: Notas d'un galego*, Antón Paz Míguez, 1936).

E a Felisa, arredados aqueles xerseis grosos que polo inverno acochaban nunha masa neutra as súas formas, lucía unha tentación de curvas apreixadas nunha *malla* levían de "sport" (*Os chapurros*, Xosé M. Martínez Oca, 1983).

Vestían *mallas* negras, con quentapernas de color contrastada, coma nun ximnasio (*Juan Griego*, Adolfo Domínguez, 1992).

xorden no escenario un grupo de dez bailaríns, vestidos con *mallas* vermellas que van cinguidas ó corpo, cubríndoo ata a cabeza (*S.O.S. Mar de fondo*, Carlos Freire Pérez, 1994).

vestía sempre *mallas* e levaba o pelo tinxido dun loiro soleado (*Comendo espaguetis diante da televisión*, Jaureguizar, 1998).

acanou cara unhos individuos delgadísimos, de cabeza rapada, vestidos con *mallas* ciclistas, de escuro ou de cores charramangueiras (*A vida apoteósica*, Bieito Iglesias Araújo, 2001).

eran os actores e as actrices pois chamaban poderosamente a atención cas súas *mallas* negras e a súa cara pintadas de branco (*Teatro imprevisto*, Eduardo Alonso, 2006).

²⁷ A forma en singular atopámola en dicionarios de castelán e galego (*Diccionario Ir Indo*, *Diccionario de la Real Academia Española*). A forma en plural atopámola en dicionarios específicos (en galego: Formoso Gosende 1998; en español: Bandrés Oto 1998) e nalguns bilingües (en español e inglés: *Collins Universal*, 2006; en francés, portugués e inglés: *Diccionario Visual Verbo* 1996).

Aínda que para moitos falantes *leggings* e *mallas* sexan o mesmo, para outros moitos produciuse un cambio de significado pola introdución do novo termo, polo que o concepto *mallas* non serve para designar a devandita realidade debido á súa especialización no ámbito téxtil. Evitar o anglicismo sería unha solución moi pura lingüisticamente, mais inviable pragmaticamente. Ademais, as empresas téxtiles precisan dunha denominación diferente para cada peza comercializada, denominación esta prestixiosa ou moderna, pois de ter connotacións obsoletas esta sería inviable.

Tendo en conta as peculiaridades do uso e a súa ampla difusión, decidimos manter o anglicismo. Outra opción sería propoñer unha forma galega para o termo *legging*, que podería ser *mediapantalón*, mais dado o éxito do termo inglés sería difícil que callase, ademais da dificultade engadida dos vocábulos creados *ex nihilo*, procedemento moi pouco frecuente (non adoita resultar fácil a aceptación xeral de termos novos).

Outro problema que atopamos é a grafía: *legging* ou *leggin*²⁸? Poderíamos neste senso recorrer ás opcións *legues* ou *leguis* que se recollen en textos galegos, mais consideramos que non serían solucións exitosas debido á difusión do termo inglés. Ademais, as opcións *leguis* ou *legues* non son xa identificables co concepto que tentamos designar. Poderíase pensar nunha ampliación de significado do termo, pero esta tería máis que ver co sentido de 'polainas'.

Así pois, decidimos recorrer directamente ó inglés, a pesar de contar o termo cunha terminación non demasiado desexable. Así, como indica Rodríguez Río na *Precisión 103* [20/01/2008] de *Un idioma preciso*, "as autoridades que fixan/orientan o estándar léxico tenden a desaconsellar a utilización de anglicismos rematados en *-ing* [...] as autoridades académicas galegas tamén manifestan unha prevención semellante fronte ós anglicismos en *-ing*". Con todo, nós decidimos manter a terminación á inglesa debido á súa extensión e harmonización coas demais linguas, mais decidimos acentuar o anglicismo (*léggings*) para adaptar o termo ás regras do galego (igual que acontece en *cámping* e *smóking*). Non temos preferencia en canto ó singular ou plural, pois para a maior parte das formas con dúas partes iguais, como *media(s)*, *pantalón(s)* ou *tesoira(s)* por exemplo, acéptase tanto o singular como o plural.

Pola contra, decantámonos por prescindir do termo *jegging* (creado mediante a combinación de *jeans* + *legging*). Por unha banda, un dos seus compoñentes é un anglicismo que ten substituto perfecto no noso idioma (*pantalón vaqueiro*); e por outra, non gozaría de demasiado éxito, porque moitos falantes non teñen consciencia da súa procedencia e sería como crear un termo *ex nihilo*. Para designar os 'léggings feitos de tea vaqueira' propoñemos o sintagma *léggings vaqueiros*, que resulta totalmente descritivo e transparente.

3.6. Pantalón *pitillo

Mediante este termo, *pantalón *pitillo*, referímonos en xeral ó 'tipo de pantalón cuxas perneiras se estreitan na parte inferior axustándose ó calzado ou ó nocello'. Con todo, este castelanismo pode facer referencia a unha grande variedade de pantalóns que abranguen desde os *skinny jeans/pants* (pantalón moi axustado e cinguido ó corpo) ata os *slim-fit pants* (menos cinguidos e de moda na actualidade) ou os *drainpipe trousers* (pantalóns estreitos moi semellantes a estes que xa existían en décadas anteriores). Na nosa lingua está moi implantada a solución castelá, a cal debemos descartar, polo que precisamos dunha proposta. Vexamos a terminoloxía empregada noutras linguas para este concepto²⁹:

²⁸ Na rede aparecen todas esas formas, tanto en castelán como en portugués; mesmo no inglés, do que proceden as formas atopadas, se observa certa confusión, pois atopamos *leggings* e *leggins* (*Webster's Third New International Dictionary* 1993, *Collins Universal* 2006; <http://www.thefreedictionary.com/legging>). Se atendemos ó número de aparicións na rede e á súa procedencia e fiabilidade, optamos por *leggings*.

²⁹ Non imos facer unha diferenciación estrita dos distintos conceptos en inglés porque non pensamos que haxa tanta distancia entre os elementos como para mantela na nosa lingua, senón que recollemos as diversas denominacións que atopamos.

es	<i>pantalón pitillo, pantalón entubado, pantalón de tubo</i>
ca	<i>pantalons de tub</i>
fr	<i>pantalón-cigarette</i>
pt	<i>skinny jeans, calças skinny, calças cigarette</i>
it	<i>pantaloni a sigaretta, pantaloni a gamba stretta</i>

Non atopamos no *TILG* nin no *CORGA* exemplos de *pantalón pitillo*, *pantalón cigarro* nin *pantalón de tubo*. O único que atopamos é *pantalón cinguido*, mais non se rexistra como sintagma, senón como un cualificativo do pantalón. O termo *cinguido* ou *cinxido* non é apto para denominar este tipo de peza de roupa, pois non reflicte o trazo distintivo do pantalón ó que nos referimos (estreito na parte inferior), de xeito que o desbotamos.

Descartamos tamén os anglicismos *skinny jeans* e *slim fit*, pois, aínda que xa se observa nalgunhas tendas (por iso da vertente actualizadora), non está tan asentado como para asumilo directamente. Vistas as solucións para outras linguas, todas elas xurdidas probablemente por motivación conceptual-metafórica nunha lingua e trasladada ó resto, decidimos propoñer o termo *pantalón de tubo*.

Fixemos unha consulta ó *TERMIGAL* sobre o concepto en cuestión, para o cal nos propuxeron o termo *pantalón cigarro*. Este vocábulo, aínda que non está moi estendido pola rede, resulta coherente coas distintas linguas do noso contorno, non se emprega para ningunha outra tipoloxía próxima ou parecida e aparece rexistrado en Formoso Gosende (1998). Con todo, non aparece en páxinas de moda actuais en galego. No entanto, aceptamos este termo como correcto e como unha variante da que nós propoñemos, pois é un concepto totalmente válido, mais no seu estado actual (sen presenza nas páxinas de moda, nomeadamente *Inditex*, que vende –e difunde– moda en galego) non podemos presentalo como forma preferente.

A nosa alternativa recomendada, polo tanto, é *pantalón de tubo*, a cal harmoniza co catalán e co español de América e resulta afín á *saia tubo* ou *saia de tubo*³⁰ (son conceptos similares ‘estreito no bordo inferior’). Ademais, a solución *pantalón de tubo* atópase documentada cun uso real nalgunhas webs de moda³¹. A aparición deste termo en catálogos de marcas que empreguen o galego é unha boa forma de comprobar a viabilidade real que as comercializadoras lles dan a determinados préstamos ou formas propias.

3.7. Paxarela

Sobre a designación do ‘accesorio de moda, inicialmente masculino, que consiste nunha cinta de tea atada ó redor do pescozo de xeito asimétrico de forma que os extremos opostos figuran un lazo’ existen varias propostas, pero non contamos en galego cun termo fixado. O interese desta entrada, máis que propor unha forma (que xa hai en galego), radica en espallar a proposta para erradicar o termo castelán.

Ó pensarmos neste concepto rapidamente vén á mente *pajarita*. Debemos desbotar ese termo castelán e buscar un que se adecúe a esta realidade. Os termos que están establecidos para el en galego son dous: *gravata de lazo* e *paxarela*, os cales se documentan en Formoso Gosende (1998).

³⁰ A forma *saia tubo* documéntase nalgunhas páxinas de Inditex, como en Zara (<http://www.zara.com/es/gl/muller/saias-c436437.html> [últ. consulta: 24/06/2013]) ou en Stradivarius (<http://www.stradivarius.com/webapp/wcs/stores/servlet/category/stradivariuses/gl/stradivariussales/298069/SAIAS?menuId=298036> [últ. consulta: 24/06/2013]).

³¹ Aparece en Stradivarius (<http://www.stradivarius.com/webapp/wcs/stores/servlet/home/stradivariuses/gl/stradivariussales>) e Pull&Bear (<http://www.pullandbear.com/webapp/wcs/stores/servlet/category/pullandbears/gl/pullandbear/29022?reload=0.9651092812408417>), mentres que noutras empresas do grupo Inditex aparecen diferentes denominacións, como *pantalóns estreitos* en Zara (<http://www.zara.com/webapp/wcs/stores/servlet/category/es/gl/zara-52013/379001/Jeans>) ou directamente a denominación inglesa en Bershka (<http://www.bershka.com/webapp/wcs/stores/servlet/home/bershkaes/gl/bershka>).

Nas linguas do noso contorno, a terminoloxía empregada é a que se observa a continuación:

es	<i>pajarita, corbata de lazo, corbata de moño, lazo de esmoquin</i>
ca	<i>llacet, corbata de llaç</i>
fr	<i>noeud papillon, cravate papillon</i>
pt	<i>gravata-borboleta, laço</i>
it	<i>cravatta a farfalla, farfallino</i>

Como se pode observar, en todas as linguas (agás no catalán³²), atópase unha motivación léxica (ó lado doutros termos máis descritivos nalgúns casos: *corbata de lazo/moño, laço*) que ten que ver co insecto lepidóptero tamén denominado *choruma* ou *papoia*. *Papillon, borboleta* e *farfalla* son os equivalentes en francés, portugués e italiano do noso galego 'bolboreta'.

Se analizamos un dos termos propostos, *paxarela*, atopamos a mesma referencia: *bolboreta*. No *GDXL*³³ aparece *paxarela* na cuarta e última acepción como 'paxara, especie de gravata que se coloca arredor do pescozo formando un lazo horizontal rixido na parte dianteira' e na acepción anterior atopamos *paxarela* como 'bolboreta, insecto lepidóptero', ó igual que acontece no dicionario *Ir Indo*. No *Dicionário Electrónico Estraviz* aparece *paxarela* co significado de 'bolboreta'. No *DRAG*, no *Buscatermos* e no *TLPGP* só aparece *paxarela* co significado de 'bazo dos animais'. Non así no *DdD*, onde aparece recollido o significado de 'bolboreta' en diferentes obras lexicográficas (exactamente en oito) baixo o termo *paxarela*, como por exemplo en Leandro Carré (1933), Eladio Rodríguez (1958-1961) e Franco Grande (1972).

Tamén no *TILG* atopamos un exemplo de uso similar:

{Para detener el vuelo de las mariposas.} *Paxarela*, pousa pousa Que ch'hei de dar unha cousa (*El idioma Gallego, su antigüedad y vida, III. Literatura popular transcrita por* -, Antonio María de la Iglesia, 1886).

O mesmo acontece no *CORGA*, onde atopamos tamén dous textos:

Entre as denominacións da aveláña encóntranse: andoliña, oubaniña, *paxarela*, pita do noso Señor, voaniña, voíña, *paxarela*, etc. (*O Correo Galego*, C. Charamuscas, 1999).

mentres a felicidade salfería os seus ollos verdes e redimidos, e as *paxarelas*³⁴ das súas mans percorrían o meu corpo e un alustre frío fendía a miña cerna (*Historia dun paraugas azul*, Xosé Miranda, 1991).

Na nosa lingua extráese unha clara motivación do insecto ó complemento téxtil, unha motivación conceptual-metafórica que asocia a forma que presentan as bolboretas coas ás desprezadas coa peza de roupa, cuxos extremos opostos figuran as ás dunha bolboreta. Con todo, esta motivación é opaca para quen non coñeza o significado de *paxarela* como 'bolboreta', para quen a coñeza é perfectamente transparente.

A presenza do concepto *bolboreta* en todas as linguas podería explicarse mediante unha translación dunha lingua ás restantes. Así, pode ser que aparecese nunha lingua e se espallase ó resto (máis probable que que a comparación xurdise ó mesmo tempo en varias linguas), pois

³² O mesmo acontece en inglés e alemán. A forma inglesa *bow tie* e a forma alemá *querbinder* están formadas sobre o substitutivo gravata (*tie, binder*) unido a outro elemento (*bow* 'lazo' e *quer* 'cruzado, de través', respectivamente).

³³ Tamén aparece a entrada *paxara*, que se define na segunda acepción como 'especie de gravata que se coloca ó redor do pescozo formando un lazo horizontal rixido na parte dianteira; paxarela', ó lado de acepcións como 'prostituta', 'bazo', 'figura de papel' ou 'nome vulgar das partes externas do órgano sexual feminino'. Non atopamos noutros dicionarios nin córpora usos semellantes deste vocábulo.

³⁴ Neste exemplo estase empregando a metáfora mans-bolboretas.

a similitude é grande e os elementos da natureza son os que serven de base ás comparacións (e motivacións) máis básicas.

Analizando os nosos cörpera, atopamos algúns usos de *paxarela* co significado do accesorio ó que pretendemos dar nome³⁵. Así, no *TILG* de 22 ocorrencias totais, catro correspóndense coa nosa busca. No *CORGA* de 26 resultados, 22³⁶ están referidos ó complemento téxtil:

Gastaba *paxarela* e vestía un frac moi cinguido, con aberturas nos sobacos (*Os comedores de patacas*, Manuel Rivas, 1991).

frac choqueirón e provisorio, do que destaca sobremaneira unha *paxarela* vermella, das de lazo, salpicada de lunares (*Saxo tenor (desgracia arrabaldeira improbable entre loucos, chourizos, gánsters, chulos, currantes e putas)*, Roberto Vidal Bolaño, 1993).

un home de pelo crecho, branco e alborotado, vestido cun mil raías e *paxarela* (*Limpeza de sangue. O sangue fai ruído*, Rubén Ruibal, 2006).

Gravata de lazo, pola súa banda, é un termo moi transparente que designa o complemento de xeito preciso. É un sintagma similar ó que temos en *chaqueta de punto*: é presentada como un tipo de gravata, mais implica unha palabra nova con diferente significado que reflicte claramente o elemento en cuestión. Este termo é unha das opcións que aparece no *Diccionario Xerais castelán-galego de Usos, Frases e Sinónimos* ó buscarmos baixo *pajarita*.

Este termo está bastante asentado na nosa lingua e conta con bastantes ocorrencias en distintos cörpera. Así, por exemplo, atopamos seis exemplos no *TILG* e sete no *CORGA*.

moi ledos porque levaban traxes novos e *garavata de lazo* e xa ía escomezá-lo té baile no Compostela (*Crónica de nós*, Xosé Luís Méndez Ferrín, 1980).

El é baixo e escuro, e as grandes orellas gárdanlle unha estraña simetría coa *gravata de lazo* negra do seu traxe escuro (*Guía das plantas con flores de Galicia, I*, Xosé Ramón García, 1991).

O profesor, vestido de traxe marrón, *gravata de lazo* e zapatóns negros de cordón, sostén unha variña [...] Un rapaz con carafunchos nas fazulas e expresión de desacougo, ataviado con camisa branca, pantalón negro e unha *gravata de lazo*, entrou no despacho do cónsul coa ollada posta nunha teteira (*Cabaret Voltaire*, Jaureguizar, 2005).

Os homes portaban cadansúa casaca, negra tamén, camisas brancas e curiosas *gravatas de lazo* (*Vidas exemplares. Tres tristes tigres*, Uxía Casal, 2006).

³⁵ Atopamos no *TILG* ocorrencias de *paxarita*, os cales desbotamos por se tratar dun calco do castelán *pajarita*.

³⁶ Dous dos exemplos obsérvanse no sintagma *gravata de paxarela*: "un mínimo chaqué cos faldróns por riba do lombo, atado ó ventre, e unha *gravata* branca *de paxarela*" (*Tánata*, Antón Risco, 1991) e "o estrangulamento do van, que lle regalaba unha *gravata de paxarela*" (*A historia escríbese de noite*, Bieito Iglesias, 2001). Do mesmo xeito, baixo o lema *paxariña* atopamos outro exemplo: "cun bastón de bambú na man e gravata *de paxariña*" (*Castelao ou a paixón de Galicia*, Daniel Cortezón, 1989). Aparecen tamén dous exemplos no *Corpus Paralelo CLUVI*, un no *Corpus CONSUMER* ("moito mais ca unha *paxariña*" [Revista *Consumer Eroski*: versión en español, galego, catalán e euskara, xaneiro 1998-setembro 2006]) e outro no *Corpus Literario TECTRA* ("o seu pequeno e escuro bigote parecía talmente unha *paxariña*" [O terceiro home, G. Greene, 1994]). O mesmo acontece nalgunha páxina de moda de Inditex, por exemplo en Bershka, onde aparece *paxariña*: <http://www.bershka.com/webapp/wcs/stores/servlet/product/bershkaes/gl/bershka/179508/1747006/Pajarita%2BDenim> [consulta: 21/03/2013].

Outra posible proposta sería *lazo*, que é a opción presentada no *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*³⁷. Este termo, a pesar de documentarse nalgunhas páxinas web de moda³⁸, non o imos considerar debido a se tratar dun termo demasiado xeral e ambiguo e designar diferentes realidades. Tampouco contemplamos a forma *paxara* por considerarmos que se trata dun concepto cun uso moi residual como 'complemento téxtil', pois só aparece recollida no *GDXL*.

Vistas as dúas propostas, *paxarela* e *gravata de lazo*, preferimos o termo *paxarela* para designar o complemento definido anteriormente. *Gravata de lazo* é un termo moi claro e transparente que designa a peza téxtil dun xeito claro, mais semella un termo creado *ex nihilo* a partir do catalán e doutras linguas xermánicas. Ademais, a complexidade do sintagma podería frear o triunfo do termo. Con todo, aínda que establezamos *paxarela* como termo preferente, non desbotamos a variante *gravata de lazo*, que goza dunha certa difusión.

No entanto, o termo *paxarela* ten maior representatividade no uso e resulta harmónico coa maioría das linguas románicas do noso contorno. É un termo sinxelo, o cal axuda á súa expansión, e completamente galego, polo que resulta moi axeitado para denominar a *pajarita*.

3.8. SOSTÉN

A peza de roupa interior feminina que se utiliza para recoller os peitos recibe en galego varios nomes (*apertador*, *axustador*, *cinguidor*, *sostén*, *suxeitador*...), todos eles formados a partir do verbo que indica a súa función coa engádegas do sufixo axente *-dor*, agás *sostén*.

Precisamente este é o termo máis espallado na fala coloquial, malia a súa posible chegada desde o castelán, onde convive con *sujetador*, do que a forma galega *suxeitador* ben podería ser un calco. O resto de linguas da nosa proximidade aproveitan o francés *soutien(-gorge)*, do que tamén pode proceder o *sostén* castelán, ou o tamén francés *brassière*, no que se atopa a orixe, por acurtamento, do *bra* inglés). Só o italiano desenvolveu formas propias como *reggiseno* ou *reggipeto*.

A seguinte listaxe compara as solucións adoptadas polas linguas do noso contorno:

es	<i>sostén, sujetador</i>
ca	<i>sostenidor(s)</i>
fr	<i>soutien-gorge</i>
pt	<i>sutiã, soutien, porta-seios</i>
it	<i>reggiseno, reggipeto</i>

Mentres o *DRAG* só recolle o termo *suxeitador*, o *GDXL* admite *sostén* como variante de *suxeitador*, entrada á que nos remite. No *Buscatermos* da USC temos unicamente *suxeitador*, procedente do *VOLG*, que tampouco recolle *sostén*, en ningunha das súas posibles acepcións (nin como peza de roupa nin como soporte, apoio ou similar). No *DGS21* *sostén* aparece como unha forma rexeitada. Con todo, no *TLPGP* aparece rexistrada a forma *sostén*. Así, atopamos baixo o lema *sostén* catro ocorrencias de formas como *sostén* 'prenda interior feminina utilizada para soste o peito' e *sustén* 'prenda interior feminina' no campo semántico do vestido e a hixiene.

Canto ós dicionarios bilingües, no *Diccionario Cumio Avanzado español/galego, galego/español* e no *Gran Diccionario Século 21 galego/castelán castelán/galego* ó buscar baixo *sujetador* aparece unha acepción para o substantivo, o cal define como 'suxeitador, sostén, apertador, peza interior feminina'. Resulta rechamante que no *Diccionario xerais castelán-galego de usos,*

³⁷ Resulta rechamante que na entrada *lazo* do *DRAG* non se recolla ningunha acepción específica con ese valor.

³⁸ Atopamos *lazo*, por exemplo na páxina web de Zara (<http://www.zara.com/webapp/wcs/storeservlet/category/es/gl/zara-52013/358073/Gravatas+e+gravatas+de+lazo> [consulta 21/03/2013]), onde aparece *gravata de lazo* na epígrafe, mais o uso non se reflicte logo na denominación das imaxes, onde aparece *lazo*.

frases e sinónimos non atopemos *sostén* (que si aparece no *GDXL*), senón que aparece só *axustador* e *teteiro*.

O *TILG* ofrece 126 ocorrencias para *sostén*, das cales 27 responden á acepción buscada; vexamos algúns exemplos, que abranguen desde a primeira ocorrencia (1955) á última (1999):

Os diareiros da parede, un co Plus_Ultra e outro con unha rapaza en bragas e *sosténs* (*Contos do Miño*, Eliseo Alonso, 1955).

Aquí só vén o da muller galega que tiña a vaquiña que lle daba o leite para vivir e agora, coas novas leis, ten que poñerlle *sostén* ó animal para que lle mingúen as tetas (*Os cabalos da troula*, Francisco Barxa Iglesias, 1984).

Xa se sabe, o corpo é pecaminoso e suxo, un produtor constante de porcalladas, con todo nas edicións europeas e por necesidades de mercado tiveron que eliminar calzóns, *sosténs*, enaguas, toalla e bragas para venderen exemplares nesta banda do océano e fuxiren do ridículo (*As irmás bastardas da ciencia*, X. L. Martínez Pereiro, 1999).

Segundo co *TILG*, temos seis casos para *suxeitador*, catro deles como peza de roupa interior (as outras dúas van referidas a elementos de mobiliario ou papelería coa función de suxeitar outro elemento):

Para preví-la mastite da nai, seguiremo-las seguintes normas: —Colocación dun *suxeitador*. —Aplicación de frío e calor local. —Recorrer a mamadeira (*Manual Prácticas de auxiliar de enfermería*, 1992).

Lino volveuse espir e ela quitou tamén o *suxeitador* do traxe de baño [...] Subiu polo bolso e remexeu nel ata sacar o *suxeitador* e a blusa (*Os culpables*, X. M. Martínez Oca, 1993).

remexeu entre as bragas e *suxeitadores* que tiña nunha bolsa de El Corte Inglés (*Todo a cen*, Jaureguizar, 1995).

No *CORGA* atopamos 620 casos nos que se insire a palabra *sostén*, xa sexa como forma verbal (na súa maior parte) ou como substantivo. Deles, co sentido de 'peza de roupa interior' atopamos un total de 56, o primeiro de 1976 (Xosé Luís Méndez Ferrín, *Antón e os inocentes*, 1976: "Desabotoa a camisola, estraille os peitos do *sostén*, coma mazanciñas") e a última de 2008 (Bieito Iglesias, *Pan e coitelo. Novela moi moral*: "Non foi un deses nenos pervertidos, aos que as nais chaman pra ver qué tal lle queda o *sostén* recién comprado"). Outros casos son estes:

había pouca luz e eu levaba posto un enorme *sostén* da miña tía Isolina (*Dende a muralla*, Paco Martín, 1990).

Pepe estaba a piques de se babar, mordéndolle un pezón a través do *sostén* e a blusa (*Na maleta*, Xurxo Borrazás, 2000).

cellas depiladas e o *sostén* bordado en pedrería que suxeitaba dous vurulllos de trapos (*Cabaret Voltaire*, Jaureguizar, 2005).

O mesmo *CORGA* achega 36 aparicións para *suxeitador*, todas elas referidas á peza de roupa; estes son algúns dos casos, o primeiro deles de 1992:

Ten un *suxeitador* vermello que lle cae desde o ombreiro ata o pube, deixándolle descuberto o peito dereito (*Tráiler*, Fran Alonso, 1992).

Alí, no lado esquerdo do primeiro caixón, onde gardo a miña roupa interior, estaba o *suxeitador* que, medio en serio, medio en broma, me regalara a miña amiga Zaida cando fixen quince anos (*O centro do labirinto*, Agustín Fernández Paz, 1998).

Lorena non é especialmente guapa nin atractiva e ten cambios de humor demasiado frecuentes, pero como gasta unha gravata co coello de Playboy e nunca leva *suxeitador*, exhala toneladas de morbo (*Tres segundos de memoria*, Diego Ameixeiras, 2007).

Ó lado de *suxeitador* atopamos outras formas recollidas no DRAG como *apertador* e *axustador*, as cales teñen menos presenza de uso na nosa lingua que *suxeitador*. A presenza maioritaria de *sostén* con respecto a *suxeitador* non se dá só na fala coloquial, senón tamén na literaria, a vulgar polo número de recorrencias de cada unha das dúas. Ademais, a presenza do termo *sutiã* no portugués avala a nosa proposta, ó igual que o seu rexistro no *Vocabulario do sector téxtil*.

Ó noso entender, debería aceptarse *sostén* como forma plenamente galega, mesmo por riba de *suxeitador*, de fasquía máis propia pero probablemente importado tamén do castelán. En todo caso, non considerar *sostén* como termo admisible agocharía a evidencia do seu uso maioritario.

3.9. Suadoiro

Segundo o GDXL, o *suadoiro* é un 'tipo de xerseí ou chaqueta deportivos que pode levar ou non carapucha'. No entanto, segundo o DRAG, o *Ir Indo* e o GDS21, o *suadoiro* é máis ben a 'manta que se lles pon ás cabalarías debaixo da sela'. *Suadoiro* é tamén a proposta que fai o *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega* para traducir *sudadera*. No *Vocabulario do sector téxtil* tamén aparece rexistrado o termo *suadoiro*; ademais, ó lado deste proporciónase un sinónimo: *sueira*. O mesmo acontece no *Diccionario xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*.

Por un procedemento de derivación, do verbo *suar* fórmase *suadoiro*, un termo completamente transparente e descritivo. Primeiro xorde para designar o elemento do mundo do cabalo e máis tarde, por extensión de significado, a peza de roupa nacida no ámbito deportivo (aínda que hogano é moi habitual atopala como roupa de rúa). Entendemos que no TLPGP apareza só a acepción referida ó mundo equino, mais non así que non apareza nas obras lexicográficas actuais a nova acepción.

As solucións adoptadas para este concepto, en inglés *sweatshirt* ou *hoody*, son:

es	<i>sudadera</i>
ca	<i>dessuadora</i> [<i>suadora</i> = denominación desestimada]
fr	<i>pull d'entraînement, sweat-shirt</i>
pt	<i>suadoiro, suéter sportivo</i>
it	<i>felpa</i>

No TILG rexístranse tres ocorrencias baixo o lema *suadoiro*, dúas referidas ó significado de 'manta para os cabalos' e unha referida á peza de roupa:

varias camisetas e *suadoiros*, o radio casete e calcetíns e as cintas (*Todo a cen*, Santiago Jaureguizar, 1995).

Con todo, non atopamos ningunha forma *sueira* máis que como 'acción de suar', mais si unha forma *sudadeira* (calco do castelán *sudadera*) baixo o lema *sueira*:

Camiseta 800 pta *Sudadeira* 1.500 pta (Máis gastos de envío) (*A Nosa Terra. Periódico galego semanal*, 3ª época, 1993).

Ó contrario do que acontece no *TILG*, no *CORGA* atopamos máis exemplos de usos lingüísticos do concepto en cuestión (un de *suadoiro*, dous de *suadoiros*, un de *sudadeira*, un de *sueira*, seis de *suadeira*), mentres que non atopamos ningún exemplo co significado patrimonial:

apuntou o ex-conductor de autobús, que xa sacara o *suadoiro* (*Comendo espaguetis diante da televisión*, Jaureguizar, 1998).

outros levaban chaquetas de chándals e *suadoiros* a prol da insumisión (*As horas sucias*, Jaureguizar, 2001).

lucindo os nosos *suadoiros* con todos os nosos patrocinadores (*A Nosa Terra*, 30/11/2010).

Tamén atopamos algúns rexistros de *suadeira*. Estas ocorrencias concéntranse en dous autores (algún presenta diverxencia de termos, pois en Jaureguizar tamén aparece *suadoiro*, do cal se pode percibir a pouca fixación do vocábulo):

o tipo da coleta e do pelo rasta, que levaba unha *suadeira* de Meedinho [...] e a súa *suadeira* dos Beastie Boys [...] Andrés, quen estaba pasando calor por non sacar a *suadeira* de Meedinho (*Comendo espaguetis diante da televisión*, Jaureguizar, 1998).

Vestía uns Levi's e unha *suadeira* Nike verde [...] ofreceulle un a Rosa, quen o rexeitou cun aceno estirando a *suadeira* do Benetton (*As horas sucias*, Jaureguizar, 2001).

Un pantalón de chándal, unha *suadeira* con carapucha e unha chaqueta vaqueira son as súas pezas favoritas (*Tres segundos de memoria*, Diego Ameixeiras, 2007).

Vistas as solucións propostas e os usos lingüísticos reais que atopamos no galego, imos deseguido analizar os vocábulos atopados para propor un termo para o concepto en cuestión.

**Sudadeira?* Desbotamos este concepto directamente por tratarse dun calco sobre o castelán *sudadera*. Ademais, devén nun castelanismo flagrante dada a súa base **sudar* e non *suar*.

Sueira? Esta sería a forma corrixida do termo anterior. Nalgunhas obras (*Vocabulario do sector téxtil*, *Diccionario xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*) preséntase como sinónimo de *suadoiro*, mais apenas ten representatividade nos cónpora e menos aínda na lingua. Ademais, este termo tamén aparece co sentido de 'acción ou efecto de suar'.

Suadeira? Podería ser, mais semella un calco do castelán. Con todo, non atopamos un uso real do termo na rede (non aparece ningún caso nas webs con opción galego nas que se comercializan estas pezas de roupa).

Suadoiro? Consideramos que este é o termo axeitado para designar o concepto de que falamos, xa non só pola mínima intervención que facemos (empregamos un vocábulo de noso), senón pola extensión de que goza o termo *suadoiro*³⁹. A pesar de que nas nosas exemplificacións

³⁹ A este respecto, foi de moita axuda para a popularización do termo o emprego que del fai Inditex (aparece en todas as páxinas de Inditex nas que se vende esta peza de roupa que teñen versión en galego: *Pull&Bear* [<http://www.pullandbear.com/webapp/wcs/storeservlet/category/pullandbeares/gl/pullandbear/29068/SUADOIROS>], *Bershka* [<http://www.bershka.com/webapp/wcs/storeservlet/category/bershkaes/gl/bershka/179516/Suadoiros#all:false,page:0,cat:0,price:0:125,specal,size,color>], *Stradivarius* [<http://www.stradivarius.com/webapp/wcs/storeservlet/ItxSolrSearchingDataCmd?storeId=54009550&langId=-12&catalogId=50109551&usarCookie=0&searchWord=Procurar&errorViewName=ItxDynamicErrorJS ON&searchTerm=suadoiro>] e *Zara* [<http://www.zara.com/webapp/wcs/storeservlet/category/es/gl/zara-S2013/364002/Suadoiros>] [consulta 21/03/2013]).

resulta o contrario, o certo é que este termo se popularizou debido á versión galega dalgunhas das páxinas web de moda, nomeadamente do grupo *Inditex*. Outro argumento favorable para a escolla de *suadoiro* é que concorda coa solución portuguesa do termo.

3.10. Tenis

Ademais dun deporte (cuxa denominación procede probablemente do francés *tenez*, 'tome', imperativo dirixido ó seu adversario polo que xoga⁴⁰), en Galicia *tenis* (termo empregado case sempre en plural, e sen diferenza formal cando se emprega en singular) fai referencia tamén a calquera calzado lixeiro, en especial o empregado para practicar algún tipo de deporte.

Cabe pensar que a orixe deste uso está na redución de *zapatilla de tenis*, que define o tipo de calzado que se utiliza neste deporte, e que logo por extensión se aplicaría a calquera outro calzado similar. Porén, cabe tamén a posibilidade de que o termo proceda da adaptación cara a un termo familiar do inglés *trainers* ('zapatilla de entramento'), de modo similar ó que aconteceu en castelán con *playeras* (a partir do inglés *players*).

Sexa como for, non é o galego o único idioma no que a denominación xenérica do calzado deportivo fai referencia ó deporte do tenis; o mesmo sucede no italiano (*scarpa da tennis*) ou no francés (cun *tennis* idéntico á solución galega).

Velaquí as solucións adoptadas nas linguas do noso contorno:

es	<i>tenis, bambas, playeras, zapatillas (deportivas)</i>
ca	<i>vambes</i>
fr	<i>chaussures de sport, tennis, baskets</i>
pt	<i>sapatilhas de lona, sapatilha esportiva, ténis</i>
it	<i>scarpa (da ginnastica, scarpa (da tennis)</i>

No ámbito galego, tanto o dicionario *GDXL*, como o *DRAG*, o *GDS21*, o *Diccionario Ir Indo*, o *Diccionario Cumio* e o *Dicionário Electrónico Estraviz* recollen o termo. O *GDXL* preséntao como unha extensión de significado a partir de *zapatilla de tenis*.

No *TILG* temos 46 aparicións de *tenis*, aínda que só 7 delas no sentido buscado (as outras van referidas ó deporte). A primeira delas é do ano 1992 e a última de 1994⁴¹.

xentes con botas, en alpargatas, *tenis*, zapatillas, tabaco de picadura forte, rubio, celtas (*Barlovento*, Arturo Román, 1992).

nota que non ten ansias e anseia té-las menos o peito non llo entolda o desexo de nada amalhoa ben os *tenis* (*Estirpe*, Xosé Luís Méndez Ferrín, 1994).

O *CORGA* achega 196 recorrecias para *tenis*, 14 delas relacionadas co calzado deportivo. A primeira delas é a referida *zapatillas de tenis* de X. M. Martínez Oca (1983) e a última do ano 2008 (Alejandro Tobar, *Cremalleiras*): "A odisea de gardar os tenis." Entremedias, vexamos algún exemplo:

Con *tenis* trataba de aparentar un aspecto xuvenil (*A semellanza*, M^a X. Queizán, 1992).

Son uns *tenis* destes que se mercan nos postos do mercado en Vilagarcía (*A velocidade do frío*, Manuel Seixas, 1996).

⁴⁰ Tomado de Joan Coromines (2008).

⁴¹ A eses sete casos habería que engadir tamén dúas referencias *zapatillas de tenis* (1983 e 1998, de X. M. Martínez Oca e X. L. Méndez Ferrín, respectivamente).

O recheo das⁴² *tenis* fai que acaden dimensións desproporcionadas, quizais nun xordo intento de demostrar diante da impasible testemuña de formigón que eles non camiñan, senón que tripan a beirarrúa (Revista *Tempos Novos*, 1998).

Ía en *tenis* (*Unha estrela no vento*, Leticia Costas, 2000).

Non cabe dúbida de que a súa presenza na lingua coloquial (e tamén na literaria e xornalística, como acabamos de ver) obriga á aceptación do termo *tenis* como idóneo para referírmonos ó calzado deportivo en xeral, como preferente ademais fronte ó composto *zapatilla de deportes* ou *zapatilla deportiva*⁴³ e ó ambiguo *zapatilla*. Con todo, mantemos as tres denominacións como variantes de rexistro. Así, as construídas a partir de *zapatilla* (de deporte(s) ou deportiva) usaríanse posiblemente en contextos máis formais (por exemplo, comerciais).

3.11. Top

Un *top* é unha peza feminina, polo xeral curta (deixa a cintura ó descuberto, segundo a definición do *GDXL*), sen mangas e que se axusta á parte superior do corpo grazas á súa confección a partir de materiais elásticos. Procede do inglés *top* ('parte alta').

A súa presenza nas linguas do noso contorno é maioritaria, e só o francés tivo a ousadía de propoñer un termo alternativo (*haute*) que, polo que podemos comprobar, non tivo excesivo éxito, quizais porque é a conversión a substantivo dun adxectivo (*alto*), que ten dúcias de aplicacións, entre elas varias dentro deste mesmo ámbito, como por exemplo *haute couture* (*alta costura*).

Como se pode observar, a maioría das linguas optaron pola incorporación deste vocábulo:

es	<i>top</i>
ca	<i>top</i>
fr	<i>haute</i>
pt	<i>top</i>
it	<i>top</i>

Nas obras lexicográficas galegas non aparece este vocábulo agás no citado *GDXL* e no *Diccionario Electrónico Estraviz* ('peza do vestuario feminino que cobre o tronco'). No *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega* para *top* (es) aparece proposto o termo *corpíño*.

A busca *top* nos diferentes córpora ten a súa dificultade, xa que é un elemento presente en moitos termos (*top-model*, *top-ten*, *top-less*, *top-manta...*), e na xerga da informática designa tamén comandos de movemento: de aí proveñen a práctica totalidade das ocorrencias que atopamos para *top* no *Corpus Paralelo CLUVI* e no *Corpus Técnico do Galego*. Con todo, neste último aparece un exemplo no campo da socioloxía que ten a acepción que tratamos:

deixa a conversión do sostén nun *top* de coiro coma as fasciae mamillare de Roma, nun *top* de metais e lentexoulas ou, simplemente, na saída do sostén do interior para se lucir como prenda exterior ("Arredor do sostén", Margarita Ledo Andión, 2006).

No caso do *TILG*, aparece un exemplo de *top* co valor que nos interesa lematizado baixo *top* (*prenda roupa*):

⁴² Obsérvese o uso feminino neste exemplo.

⁴³ No *TILG* e no *CORGA* non se documentan exemplos de *zapatilla de deporte(s)* nin de *zapatilla deportiva*.

Pedume que lle fixese un *top* e de contado collín as agullas e púxenme a calctar pra ela un que lle vai quedar precioso tan pronto como poña os fremosos ombros ao sol (*Dosinda Areses. Prosas completas*, Xosé Luís Méndez Ferrín, 1998).

Na procura feita no *CORGA*, foi onde máis resultados obtivemos (14 resultados de *top* como ‘peza de roupa’ dos 109 resultados totais atopados), o que evidencia o uso real do termo e reclama a súa presenza nos dicionarios. Vexamos algúns exemplos:

vestida de tenista, *top* e saña de raso negro, a suar, o *top* de tiras e a minisaia plisada, ou un simple salto de cama (*Costa Norte/ZFK*, Xurxo Borrazás, Galaxia, 2008).

un *top* negro, moi axustado, marcáballe uns peitos erguidos por un suxeitador apretado pero deixáballe ó descuberto as carnes flácidas da tripa (*Cemiterio de elefantes*, Francisco Alonso, 1995).

Insiste moito máis que noutras ocasións no curto e nos *tops* que deixan boa parte da anatomía feminina abandonada ante os rigores invernales (*O Correo Galego*, 1996).

Con todo, atopamos algúns exemplos nos que *top* non se refire a un tipo de peza de roupa determinada, senón que funciona como un hiperónimo que tenta expresar ‘parte de arriba’ que neste caso si sería visto como un neoloxismo innecesario:

A súa filla, sen *top*, interrompeunos con dous daikiris (*Juan Griego*, Adolfo Domínguez, 1992).

Nenas coma min en biquini ou *top* (*Na derruba*, Paula Mariño Pazó, 2006).

Vendo o que fixeron as outras linguas e tendo en conta a fonoloxía de *top* (curta, potente –abre e pecha cunha oclusiva– e fácil de pronunciar), ademais da implantación do termo na nosa lingua, non parece haber moita alternativa:

Alto, adaptando a solución francesa? Xenérico de máis para que funcione.

Camiseta axustada sen mangas, presentando unha forma desenvolvida e descritiva? As propostas demasiado extensas están abocadas ó fracaso e a comparación en extensión co sintético *top* non deixa lugar a dúbidas.

Xustillo, *dengue* ou *corpiño* (esta última botando man da denominación proposta polo *Diccionario castelán-galego da RAG*), recorrendo á denominación tradicional para pezas similares? Neste caso, a opción de acudir ó léxico propio antes que ó alleo daría lugar a situacións de ambigüidade, xa que ningunha destas pezas clásicas (e hoxe en día asociadas case exclusivamente co traxe de baile tradicional) se corresponde co actual *top*.

Decidimos non fuxir deste anglicismo por considerarmos que este é un termo necesario que designa un tipo de realidade concreta no cal o inglés cumpre unha función puramente denotativa. Ademais, parece que *top* non ten inimigo ningún que poida poñer en perigo o seu establecemento no noso idioma. Mesmo a súa incorporación a un dicionario (o xa mencionado *Gran Xerais*) parece indicar que non hai volta atrás na súa presenza entre nós.

3.12. *Xemelgos

Neste concepto existe un problema similar ó que acontecía en *gancho*: a forma castelá está implantada en exceso na nosa lingua, de xeito que a substitución desta polo correspondente termo galego (ou mesmo o seu coñecemento) vai ser unha tarefa difícil.

Nos dicionarios galegos non atopamos o termo *xemelgo* para se referir ó citado accesorio máis que no *DGS21*, onde aparece baixo a entrada *xemelgo* na última acepción 'xogo de botóns iguais que se poñen no puño da camisa'. Con todo, rexeitamos esta proposta por considerarmos que se trata dun calco do castelán. A proposta do *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega* é *botón de puño* e a do *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos* é *broche da camisa*.

Como podemos denominar en galego o accesorio formado por dúas pezas unidas que serve para pechar o puño da camisa? O termo castelán presenta unha clara motivación léxica conceptual-metafórica ou asociativa moi transparente, pois son dous elementos iguais que se utilizan sempre en unidades de dous. O mesmo acontece cos outros nomes que ten o español para estes accesorios (*colleras, mancuernas*), pois trátase de elementos empregados xeralmente por pares.

Como podemos ver, só o español e o italiano empregan esa motivación léxica, pois os restantes idiomas adoptan denominacións máis transparentes⁴⁴.

es	<i>gemelos, colleras, mancuernas</i>
ca	<i>botons de puny</i>
fr	<i>boutons de manchettes</i>
pt	<i>abotoaduras, botões-de-punho</i>
it	<i>gemello da polso</i>

Vexamos deseguido as diferentes denominacións que aparecen nos diversos cörpera para este significado. No *TILG* non se rexistran exemplos de *botón de puño*, mais si de *xemelgos, broche da camisa* e *abotoaduras*. No entanto, este último termo non está presente co significado que buscamos, senón como 'xogo de botóns para un vestido', do mesmo xeito que acontece no *DdD*.

Nos puños da camisa, uns *xemelgos* igualmente de ouro (*A cidade das chuvias*, Xosé Fernández Ferreiro, 1994).

foron convertendo o local da mercería nunha pasarela de garavatas, traxes, lustrosos zapatos, *xemelgos* e locións masculinas (*A armada invencible*, Manuel Forcadela, 1996).

No *CORGA* tamén atopamos algún exemplo destes termos, aínda que son moi pouco frecuentes no uso que buscamos:

tereí que ir á cea de gala cunha manga sen o seu *xemelgo* ou *xemelgos*, coa inseguridade que iso dá [...] Atopa o *xemelgo* ou *xemelgos* que buscaba [...] Poñendo os *xemelgos* e despois a chaqueta (*Teatro imprevisto*, Eduardo Alonso, 2006).

A respecto de *abotoaduras*, termo polo que se avoga no *Vocabulario do sector téxtil*, pensamos que, *a priori*, sería adecuado para o concepto que pretendemos designar. Con todo, este vocábulo presenta un grande inconveniente: a *abotoadura* é o 'conxunto de botóns que forman parte dunha peza de vestir', polo que rexeitamos esta ambigüidade. Os exemplos do *TILG* e do *CORGA* fannos descartar esta forma, pois non atopamos ningún que responda ó significado buscado:

nenos cohibido que se mira con sobretodo de *abotoadura* dourada, sobretodo de señorito para que poida aparentar que é un señorito con todos os luxos (*Porta blindada*, Margarita Ledo Andión, 1990).

⁴⁴ Mesmo o inglés (*cufflink*) o alemán (*Manschettenknopf*) adoptan formacións do tipo 'puño+botón'.

Só sabíamos que a el o volvían tolo as chaquetas de pana marrón lisa, con bolsos por fóra e forros de dril gris escuro por dentro, botós de óso e *abotoaduras* de seda (*Morrer en Vilaquinte*, Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, 1980).

aqueles curas, especialmente o máis alto deles, que levaba un cordón encarnado de adorno no colo e na *abotonadura* da sotana, eran das poucas persoas que tal vez poderían romper aquela barreira imposible (*Deus sentado no sillón azul*, Carlos Casares, 1996).

As propostas que vimos ata agora non resultan axeitadas para denominar o significado anteriormente definido. O *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos* propón para estes accesorios *broche da camisa*, que tamén se propón no *Vocabulario do sector téxtil*. Este vocábulo define a realidade do obxecto ('accesorio formado por dúas pezas unidas que serve para fechar o puño da camisa'), mais entra en contradición co termo xeral *broche* ('obxecto composto de dúas pezas que van cosidas en cadanseu bordo dunha abertura de certas pezas de roupa e que serven para cerrar estas encaixando unha na outra' ou 'adorno, de diversas formas e materiais, que se prende na roupa'). Aínda que o complemento preposicional *da camisa* lle dea un novo sentido ó termo, esta creación *ex nihilo* non parece demasiado clara nin demasiado descritiva, ademais de resultar complexa.

Nos córpora atopamos algún exemplo de *broche de camisa*, mais ó seu lado tamén atopamos outros sintagmas no *CORGA* e no *TILG* formados sobre o mesmo termo, os cales indican a pouca fixación desta proposta e o descoñecemento dun termo exacto para esa realidade.

Alí xa non quedaba nada: unha brocha de afeitar, un cinto co coiro petrificado, un *broche de camisa...* (*Contos de familia*, J.A. Xesteira, 2005).

Tamén se lembrara de meter os utensilios persoais, incluídos os *broches* de pulso de ouro de seu avó (*Morrer na herba*, Xavier Manteiga, 1995).

todo aquelado co traxe de gravata e *broches* nos puños da camisa (*Cascas de noz*, Beatriz Dacosta Molanes, 2000).

asomando polo peto da súa chaqueta cruzada, cos seus *broches* de brillantes nos puños, e con aquel tafo a perfume (*Expediente Artieda*, Luís Rei Núñez, 2000).

Traía os puños *da camisa* apertados con *broches* de ouro, como era habitual (*Matar o tempo*, Xesús Valcárcel, 1995).

Finalmente, tras analizar as diferentes propostas e as súas ocorrencias nos córpora, decidimos optar pola proposta *botón de puño* (forma proposta polo *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega* e que tamén atopamos no *DRAG* ó buscarmos baixo *botón*) xa que, pese á súa ausencia nos textos das diferentes compilacións, harmoniza coa maioría das linguas do noso contorno e describe perfectamente o complemento ó que se refire, ademais de resultar un termo transparente. A súa pertinencia parécenos máis acaída que a doutras opcións, especialmente *xemelgos*, termo creado por motivación léxica (conxunto de dous elementos), empregado só en castelán e en italiano e que se asentaría no galego como calco do castelán. Outras posibilidades, como *abotoaduras* (solución portuguesa que podería entrar en conflito co 'conxunto de botóns dun vestido') ou *broche da camisa* (un sintagma demasiado xeral e que pode crear ambigüidades lingüísticas) quedan tamén, ó noso entender, desbotadas.

4. CONCLUSIONES

Antes de comezar coas nosas conclusións, imos recapitular o traballo realizado neste artigo. En primeiro lugar imos lembrar os criterios xerais que seguimos para realizar as nosas propostas terminolóxicas, tendo sempre en conta a corrección destas na lingua galega: harmonización coas solucións doutras linguas do noso contorno; uso ou extensión do termo entre os falantes; precisión lingüística, e denominación de novas pezas de roupa ou actualización doutras. Deseguido presentamos unha táboa resumo que recolle os termos analizados, as solucións doutras linguas, os termos escollidos como proposta e o motivo da escolla:

TERMOS DE PARTIDA	SOLUCIÓNS DOUTRAS LINGUAS	TERMO ELIXIDO	CRITERIOS DE SELECCIÓN
CALZÓN: BÓXER e SLIP	es <i>calzoncillo</i> ca <i>calçotets</i> fr <i>caleçon</i> pt <i>cueca</i> it <i>mutande</i>	CALZÓN	<p><i>Calzón</i> é un xenérico.</p> <p><i>Bóxer</i> e <i>slip</i> son realidades determinadas dentro deste que denominan pezas de roupa para as que non había termo previo</p>
	es <i>bóxer</i> ca <i>bòxer(s)</i> fr <i>boxer, boxeur(s)</i> pt <i>boxer</i> it <i>boxer</i>	BÓXER	
	es <i>slip</i> ca <i>eslip</i> fr <i>slip</i> pt <i>slip</i> it <i>slip</i>	SLIP	
CÁRDIGAN	es <i>cárdigan</i> ca <i>càrdigan</i> fr <i>cardigan</i> pt <i>cardigã</i> it <i>cardigan</i>	CHAQUETA DE PUNTO	<p>Uso dos falantes vs. pouca presenza atestemuñada en galego</p>
	es <i>chaqueta de punto malla</i> ca <i>jaqueta de punt</i> fr <i>veste tricotée</i> pt <i>casaco de malha</i> it <i>maglioncino, maglietta con i bottoni</i>		
CULOTE	es <i>culote</i> ca <i>culot</i> fr <i>culotte</i> pt <i>culote, shorties, cuequinhas altas, boxers</i> it <i>culotte</i>	CULOTE	<p>Nomea unha peza de roupa determinada. Testemuños de uso</p>
*HORQUILLA	es <i>horquilla</i> ca <i>agulla de ganxo</i> fr <i>pince à cheveux</i> pt <i>grampo, gancho de mola</i> it <i>molletta</i>	GANCHO / PINZA / PASADOR	<p>Precisión lingüística / Uso dos falantes</p>
	es <i>horquilla de moño</i> ca <i>agulla de monyo</i> fr <i>épingle à cheveux</i> pt <i>gancho</i> it <i>forcina</i>	GANCHO DE MOÑO	

TERMOS DE PARTIDA	SOLUCIÓNS DOUTRAS LINGUAS	TERMO ELIXIDO	CRITERIOS DE SELECCIÓN
LÉGGING	es <i>leggings / mallas</i> ca <i>leggings / malles</i> fr <i>leggings / caleçons (moulants)</i> pt <i>leggings / malhas</i> it <i>leggings / pantacollant</i>	LÉGGING	Reactualización dunha peza de roupa, apoiada pola diferenciación de conceptos no mundo profesional
PANTALÓN *PITILLO	es <i>pantalón pitillo, pantalón entubado, pantalón de tubo</i> ca <i>pantalons de tub</i> fr <i>pantalon-cigarette</i> pt <i>skinny jeans, calças skinny, calças cigarrete</i> it <i>pantaloni a sigaretta, pantaloni a gamba stretta</i>	PANTALÓN DE TUBO	Harmonización con outras linguas e con termos propios (saia de tubo)
PAXARELA	es <i>pajarita, corbata de lazo, corbata de moño, lazo de esmoquin</i> ca <i>llacet, corbata de llaç</i> fr <i>noeud papillon, cravate papillon</i> pt <i>gravata-borboleta, laço</i> it <i>cravatta a farfalla, farfallino</i>	PAXARELA / GRAVATA DE LAZO	Harmonización con outras linguas / Uso dos falantes
SOSTÉN	es <i>sostén, sujetador</i> ca <i>sostenidor(s)</i> fr <i>soutien-gorge</i> pt <i>sutiã, soutien, porta-seios</i> it <i>reggiseno, reggipeto</i>	SOSTÉN	Uso dos falantes
SUADOIRO	es <i>sudadera</i> ca <i>dessuadora</i> fr <i>pull d'entraînement, sweat-shirt</i> pt <i>suadouro, suéter esportivo</i> it <i>felpa</i>	SUADOIRO	Extensión do termo. Harmonización co portugués
TENIS	es <i>tenis, bambas, playeras, zapatillas (deportivas)</i> ca <i>vambes</i> fr <i>chaussures de sport, tennis, baskets</i> pt <i>sapatilhas de lona, sapatilha esportiva, ténis</i> it <i>scarpa (da ginnastica, scarpa da tennis)</i>	TENIS	Extensión do termo
TOP	es <i>top</i> ca <i>top</i> fr <i>haute</i> pt <i>top</i> it <i>top</i>	TOP	Denominación dunha nova peza de roupa. Extensión do termo
*XEMELGOS	es <i>gemelos, colleras, mancuernas</i> ca <i>botons de puny</i> fr <i>boutons de manchettes</i> pt <i>abotoaduras, botões-de-punho</i> it <i>gemello da polso</i>	BOTÓN DE PUÑO	Harmonización con outras linguas

Táboa 1. Recompilación de termos

Do estudo da ducia de termos analizados, extraemos varias reflexións: os termos de introdución recente ou que cobren realidades novas presentan dificultades á hora de traducilos ou equiparalos a termos galegos (*léggings*); os termos asentados que proceden doutras linguas son

moi difíciles de modificar ou substituír (*top*), e os termos que non sendo incorrectos gozan de popularidade ou difusión deberían recibir carta de natureza na lingua galega (*sostén*, *tenis*). Como vemos, concedemos bastante importancia á presenza real dos termos entre os falantes, pois deste xeito o espallamento terminolóxico é máis sinxelo e exitoso. En palabras de Galanes (2006: 132): “o éxito dun plan de normalización terminolóxica estriba [...] na implantación e no uso real da terminoloxía desa lingua por parte dos seus usuarios naturais, aos que se han dirixir e adaptar eses produtos”. Outros criterios, como o da precisión lingüística ou a harmonización con outras linguas, serven para buscar solucións entre termos existentes na nosa lingua. Ademais, nalgúns casos ofrecemos máis dunha solución, pois en terminoloxía existe a variación e non é preciso sempre escoller unha única forma (e menos aínda cando se trata de terminografía en contextos de uso de menor abstracción). Por outra banda, nalgunha ocasión recorremos a vocábulos foráneos (*top*, *léggng*) para cubrir novas realidades terminolóxicas.

Non debemos esquecer que unha parte substancial dos nomes do noso vestiario provén doutras linguas, especialmente no caso de pezas de recente creación ou chegadas ó noso contorno desde outras áreas xeográficas. Así, por exemplo, *bermudas*, *bikini*, *poncho* ou *quimono* son palabras necesarias que tomamos directamente da cultura que creou as devanditas pezas. Pero moitas veces por descoñecemento, por comodidade ou pola presión de linguas con maior capacidade de penetración, nin sequera se pescuda a posibilidade de ofrecer un termo propio da lingua de destino. Non debера ser así. Polo tanto, o labor terminolóxico é esencial para o desenvolvemento dunha lingua, porque a normaliza e a defende contra a chegada de termos innecesarios, que limitan a capacidade de creación. E máis aínda nun ámbito como o téxtil, que forma parte da nosa vida cotiá de maneira íntima e constante.

A internacionalización da moda é tal que decote están aparecendo multitude de estranxeirismos, nomeadamente ingleses, mais non por iso temos que sucumbir e non traballar en terminoloxía. O inglés desenvolve desde hai décadas o papel de *lingua franca* antes reservado ó francés⁴⁵ (e aínda antes ó latín), tanto pola exportación das pezas/tendencias como pola difusión do seu nome, mais non podemos rendernos a esta evidencia. Tampouco podemos deixar que os castelanismos suplanten as formas galegas (como por exemplo nos casos comentados *pajarita*, *horquilla* e outros), senón que debemos aproveitar o potencial expresivo do galego. En palabras de Rodríguez Río (*Un idioma preciso, Precisión léxica* 9 [10/04/2003]), debemos “aproveitar o caudal léxico que supón o galego vivo en determinadas áreas de especialidade nas que non deixou de empregarse e desenvolveu terminoloxía propia para os niveis de especialidade máis baixos”.

Para complicar aínda máis o contexto, nos últimos anos produciuse un desenvolvemento de blogueiros de moda cuxo impacto social, e mesmo económico, favorece a expansión do sector téxtil e, en consecuencia, o incremento de novos termos, a reconceptualización semántica doutros e inclusive a substitución lingüística por vocábulos estranxeiros, de modo que é necesaria unha intervención terminolóxica temperá ou en fase de implantación das novas palabras, antes de que a volta atrás sexa imposible⁴⁶. Esta é a finalidade que persegue este traballo: axudar o idioma a substituír, na medida do posible, os neoloxismos superfluos e buscar ou propoñer a solución terminolóxica máis axeitada para o galego.

⁴⁵ A este respecto, é interesate o artigo de Margarita Ledo Andión, “Arredor do sostén”, de 1/3/2006 (consultable en: http://www.andainamulleres.org/artigresul_2.php?tiduo=Arredor+do+sost%E9n&Submit3224=intro), no que trata o tema da evolución da roupa interior feminina tomando como referencia o termo *sostén* e no que conclúe que “non fai falla advertir que o francés mudou para o inglés-americano”.

⁴⁶ Así, por exemplo, é moi difícil chegar á substitución de termos xa instalados, como acontece por exemplo con *satchel*, termo importado do inglés para denominar o ‘tipo de bolso rectangular dotado dunha asa longa que lembra os antigos maletíns da escola’. Nós para este concepto podemos propoñer *bolso cabaz* (propoñemos un termo de noso ó tempo que recuperamos unha palabra tradicional), mais ó non alcanzarmos unha fase de implantación temperá a nosa proposta está quizais abocada ó fracaso.

Quen asume sen crítica de ningún tipo a terminoloxía foránea afirma que a escasa presenza do galego nos ámbitos técnicos e especializados obriga a dar entrada na nosa lingua ós estranxeirismos. Negamos a maior, en palabras do propio Rodríguez Río (*Un idioma preciso, Precisión léxica* 9 [10/04/2003]):

é un lugar común aludir á escasa presenza do galego nos ámbitos técnicos e científicos para xustificar a necesidade de recorrer a palabras doutros idiomas cando se queren nomear determinados conceptos técnicos. Isto é unha verdade evidente en determinadas áreas, e sobre todo en niveis altos de especialización, pero non o é tanto naquelas vinculadas a actividades presentes historicamente na nosa sociedade (construción, pesca, acuicultura, labores agroforestais...) e sobre todo cando o nivel de especialización dos conceptos é medio ou baixo. Nestes casos, é frecuente que o galego posúa termos propios para designar as distintas actividades ou obxectos, pero tamén é habitual que sexan descoñecidos para moitos dos profesionais que traballan neses sectores, o que unido á presenza masiva dos nomes casteláns ou ingleses (na documentación, nas actividades formativas, nas denominacións comerciais...) acaba asentando as formas desa lingua e limitando os nomes galegos a áreas xeográficas ou a actividades moi concretas.

Consideramos que co noso traballo contribuímos a dar resposta a algunhas dúbidas acerca da designación dalgúñas pezas de roupa, ó tempo que tentamos visibilizar ou espallar outras solucións que se atopaban esquecidas debido ó desprazamento que supón a presión do castelán. E tratamos de facelo coa base que proporciona pescudar primeiro o que sobre cada un dos termos recollen as obras lexicográficas máis utilizadas e os córpora que compendian o uso da lingua na súa vertente escrita. Temos en conta tamén outros criterios, como as posibles ambigüidades na incorporación dunha nova acepción para un termo, a dificultade da pronuncia ou as leis da economía lingüística (funcionará mellor *paxarela* que *gravata de lazo*, por máis que o segundo matice e especifique máis). Non só iso: tamén analizamos as solucións desenvolvidas polas linguas da nosa proximidade, porque cremos que unha proposta con posibilidades de éxito non pode afastarse do que idiomas como o portugués (especialmente, malia o seu gusto polos préstamos ingleses), o castelán, o catalán, o francés ou o italiano propoñen á súa vez.

Ó noso entender, a terminoloxía debería ter unha maior visibilidade e presenza nos dicionarios e vocabularios (sobre todo no *DRAG* e no *VOLG*, pois son as fontes sancionadoras por excelencia). Os usuarios convencionais polo xeral non precisan saber como se escriben ou que significan termos como *mesa* ou *casa*, pero si poden precisar unha busca non só para coñecer a correcta grafía de *bóxer* ou *léggng*, senón mesmo para saber se son palabras admitidas ou non polo galego.

A respecto disto, aproveitamos para solicitar coherencia e harmonía nas adaptacións gráficas que propón a RAG. A modo de exemplo, recoméndase o *anosamento* de *catiúsca* (< *katjuša*) e non así de *bikini* (< *bikini*) nin de *smóking* (< *smoking*). Somos conscientes de que cada palabra ten a súa problemática e os seus criterios de adaptación, mais cremos interesante facer esta consideración a modo de reflexión. Con todo, nas nosas propostas intentamos seguir a Academia, pois non sería rendible achegar unha solución diferente da que presenta o principal órgano sancionador, mais nalgúns casos optamos por incluír formas que este organismo non sanciona como correctas (como acontece por exemplo con *sostén*).

De todos modos, sempre será mellor recoller os termos de maneira pouco homoxénea que simplemente non facelo, como adoita acontecer (debido ó carácter *conservador* da lexicografía, e non só no galego), xa que a aparición das palabras nos dicionarios supón a súa vixencia, validez e permanencia: "Aqueles que traballamos con asiduidade con dicionarios galegos estamos xa afeitos a sorprendernos –aínda que pareza unha contradición– coa ausencia nestes de ter-

mos que por lóxica deberían estar recollidos, se atendemos ó uso que deles se fai na lingua habitual" (Rodríguez Río, *Un idioma preciso, Precisión Léxica* 18 [23/10/2003]). Cantas menos palabras condenadas ó exilio haxa nos seus dicionarios, maior garantía de supervivencia terá unha lingua. E se se trata de creacións nas que se integran sinxeleza, precisión e capacidade de creación propia (sen caer na artificiosidade nin no afán diferenciador *per se*), tanto mellor.

Agradecementos

Quero expresar o meu agradecemento a Rosario Álvarez Blanco polos ánimos e a confianza que me brindou para a realización deste traballo, e moi especialmente a María Álvarez de la Granja polo apoio recibido dela, polo seu rigor e minuciosidade e pola súa xenerosidade ao poñer ao meu dispor o seu tempo e os seus coñecementos.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Dicionarios

- AA.VV. (2006): *Diccionario Collins Univeral: español-inglés/english-spanish*. Barcelona: Grijalbo Mondadori.
- Ambrose, G. (2008): *Diccionario visual de la moda*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Archambault, Ariane / Joaquim Farinha dos Santos Tavares / Jean-Claude Corbeil (1996): *Dicionário Visual Verbo: português, francês, inglês*. Lisboa: Verbo.
- Carré Alvarellos, Leandro (1933): *Diccionario galego-castelán*, Segunda Edición. A Coruña: Roel.
- Castro Macía, L. (coord.) (2007³): *Diccionario Xerais Gal.-Cast. Cast.-Gal*. Vigo: Xerais.
- Castro Macía, L. (coord.) (2007²): *Diccionario Xerais de Sinónimos e Antónimos*. Vigo: Xerais.
- Constantino García González (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*, Universidade de Santiago, Verba, anexo 27.
- Coromines, Joan (2008): *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana. Prólogo de José Antonio Pascual*. Barcelona: Círculo de Lectores.
- Eligio Rivas Quintas (2001): *Frampas, contribución al diccionario gallego* (inédito ata a 1.ª ed. electrónica no DdD).
- DdD = Santamarina, Antón (dir.) (2001): *Diccionario de dicionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- Dicionário Electrónico Estraviz* (consultable en: <http://estraziv.org/> [últ. consulta: 10/04/2013]).
- Diec2 = *Diccionari de la llengua catalana de l'Institut d'Estudis Catalans* (disponible en: <http://dlc.iec.cat/> [últ. consulta: 29/03/2012]).
- DRAG = García, Constantino / Manuel González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia (disponible en <http://www.realacademiagalega.org/diccionario> [últ. consult. 19/03/2013]).
- DRAE = Real Academia Espanola (2001²²): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa (disponible en <http://lema.rae.es/drae/> [últ. consult. 17/03/2013]).
- García González, Constantino e Manuel González González (2004): *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / RAG.
- GDXL = Carballeira Anllo, Xosé María (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. 2 vols. Vigo: Edicións Xerais.
- Franco Grande, Xosé Luís (1972): *Diccionario galego-castelán*, 2.ª ed. Vigo: Galaxia.
- Hermida Borrajo, Xosé Avelino (dir.) et al. (2006): *Gran Dicionario Século 21 galego/castelán castelán/galego*. Vigo: Edicións do Cumio / Editorial Galaxia.
- Houaiss, Antônio (2004): *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa* (disponible en <http://200.241.192.6/cgi-bin/houaissnetb.dll/frame> [últ. consulta: 17/03/2013]).
- López Martínez, Cruz (ed.) et al. (2001): *Diccionario Cumio Avanzado español/galego, galego/español*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Navaza Blanco, Gonzalo (coord.) et al. (1990): *Diccionario xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*. Vigo: Xerais.
- Pena, X.A. (dir.) (2005): *Gran Dicionario Século 21 da Lingua Galega*. Pontevedra: Do Cumio.

Priberam (2010): *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* (disponible en <http://www.priberam.pt/dlpo/> [últ. consult. 16/03/2013]).

Robert, P. (1993): *Le nouveau Petit Robert, Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*. Montréal: Dicober.

Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

Zingarelli, Nicola (2003): *Lo Zingarelli minore: vocabolario della lingua italiana*. Boloña: Zanichelli.

Estudos

Bandrés Oto, Maribel (1998): *El vestido y la moda*. Barcelona: Larousse.

Cabré Castellvi, María Teresa (1993): *La terminología. Teoría, metodología, aplicaciones*. Barcelona: Editorial Antártida / Empúries.

Crespo Bastos, Ana Belén / Xosé María Gómez Clemente (2008): "Novos criterios para a elaboración dun dicionario de neoloxismos", en Ernesto González Seoane / Antón Santamarina / Xavier Varela Barreiro (eds.), *A lexicografía galega moderna: recursos e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 183-195.

Dubuc, Robert (2002): *Manuel pratique de terminologie*. Brossard: Linguattech.

Formoso Gosende, Valentina (1998): *Vocabulario do sector téxtil*. Santiago de Compostela: Confederación de empresarios de Galicia.

Galanés Santos, Iolanda (2006): "Panorama da terminoloxía en Galicia: orientacións, infraestrutura e recursos. Historia da (re)elaboración do corpus da lingua", en *Lingua e investigación. II Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da

Coruña, 109-134 (disponible en http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_Investigacion.pdf [últ. consulta: 13/07/2013]).

Gómez Clemente, Xosé María (2001): "O Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo", en A. Lorenzo Suárez / H. Monteagudo Romero (coords.), *Traballos presentados nos V Encontros para a Normalización Lingüística*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 46-65.

Gómez Urzaiz, Begoña (2012): "Desvistiendo a The Sartorialist, el bloguero del millón de dólares", *El País: Smoda*, 16/04/2012. Disponible en <http://smoda.elpais.com/articulos/desvistiendo-a-the-sartorialist-el-bloguero-delmillon-de-dolares/1450> [últ. consulta: 02/03/2013].

Rodríguez Río, Xusto (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Stalder, Erika (2009): *Moda. Um curso práctico e esencial*. Brasil: Marco Zero.

Un idioma preciso (Servizo de Normalización Lingüística da USC): <http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uip/> [últ. consulta: 20/03/2013].

Córpore e bancos de datos

Centre de Terminologia TERMCAT (Neoloteca): http://www.termcat.cat/termgia/termnorm/index_a.html [última consulta: 22/03/2013].

Centre de Terminologia TERMCAT (Cercaterm): <http://www.termcat.cat/ca/Cercaterm/Fitxes/> [última consulta: 22/03/2013].

CORGA = *Corpus de Referencia do Galego Actual*: <http://corpus.cirp.es/corga/> [última consulta: 21/03/2013].

Corpus Paralelo CLUVI = *Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*: <http://sli.uvigo.es/CLUVI/> [última consulta: 16/07/2013].

CTG = *Corpus Técnico do Galego*: <http://sli.uvigo.es/CTG/> [última consulta: 19/03/2013].

InterActive Terminology for Europe (IATE): <http://iate.europa.eu> [última consulta: 21/03/2013].

Neoteca - Banco de Datos de Neoloxismos da Universidade de Vigo <http://sli.uvigo.es/NEO/> [última consulta: 21/03/2013].

RILG - *Recursos Integrados da Lingua Galega (RILG)* - <http://sli.uvigo.es/RILG/> [última consulta: 21/03/2013].

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (Base de datos electrónica en URL: <http://www.ti.usc.es/TILG>) [última consulta: 21/03/2013].

TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [últ. consulta: 01/04/2013]⁴⁷.

⁴⁷ No momento de elaboración deste traballo non se atopa publicado en aberto, polo que agradezo á dirección do proxecto que nos permitise a súa consulta.

Webs especializadas en moda

1 silla para mi bolso: <http://www.1sillaparamibolso.com/> [últ. consulta: 20/03/2013].

Bartabac: <http://stylelovely.com/bartabacmode/> [últ. consulta: 23/03/2013].

Blanco: <http://www.blanco.com/> [últ. consulta: 16/03/2013].

Bershka: <http://www.bershka.com/webapp/wcs/stores/servlet/worldwide/bershkaes/inditex-sel> [últ. consulta: 09/03/2013].

Clara Alonso Blog: <http://blogs.vogue.es/clara-alonso/> [últ. consulta: 23/03/2013].

Collage Vintage: <http://www.collagevintage.com/> [últ. consulta: 19/03/2013].

Lovely Pepa: <http://www.fashionsalade.com/lovelypepa/> [últ. consulta: 20/03/2013].

Pull & Bear: <http://www.pullandbear.com/webapp/wcs/stores/servlet/category/pullandbeares/gl/pullandbear/692501> [últ. consulta: 06/03/2013].

Stradivarius: <http://www.stradivarius.com/webapp/wcs/stores/servlet/HomePage?catalogId=50109551&langId=-12&useCookie=1&storeId=54009550&ddkey=http:WorldWidePage> [últ. consulta: 07/03/2013].

Tras la pista de Paula: <http://paula-echevarria.blogs.elle.es/> [últ. consulta: 23/03/2013].

The Blonde Salad: <http://www.theblondesalad.com/> [últ. consulta: 23/03/2013].

Zara: <http://www.zara.com/es/> [últ. consulta: 16/03/2013].